

A oposición reprobou ao alcalde de Monforte



Páxina 10

Centro Integral de Saúde de Galicia en Lugo



Páxina 11

Expertos promoven en Expourense a edificación sostible



Páxina 17

Ponteareas logra financiación para o parque da Picaraña



Páxina 19

Terreos do Bispado para parque en Goián



Páxina 20

A Guarda decora o verán

Páxina 21



Entrevistas



Marcos Maceira,
presidente da M.N.L.

Páxina 5



Xulio Ferreiro,
alcalde da Coruña

Páxina 8



centro médico
EL CARMEN

NUESTRA CALIDAD ESTÁ CERTIFICADA

Centro Médico el Carmen CUIDANDO DE SU SALUD DESDE 1949

ISO 9001:2015
OSHAS 18001:2007
ISO 14001:2015
UNE179003:2013
EFQM 400+
QH TURISMO DE SALUD
CALIDADE HOSPITALARIA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Secretaría Xeral Técnica. Subdirección Xeral
de Inspección, Auditoría e Acreditación



EMPRESA CON LAS
CERTIFICACIONES DE LOS
SISTEMAS DE CALIDAD



ISO 14001:2015
UNE 179003:2013
ISO 9001:2015
OSHAS 18001:2007



Nº Autorización Sanitaria C-32-00117

OURENSE



www.centromedicoelcarmen.es

Opinión

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema

Os sumidoiros do Estado

Téñome por persoa de lei. Ou, como diría a finada da miña aboa Antonia, por un home de orde. Velaí que cando foi o 11-M, no xa lonxano 2004, acreditase no relato do Ministro do Interior polo menos durante as primeiras tres ou catro horas, até que ben clariño ficou que mentía. Como mentira o seu Goberno todo poucos meses antes, canda a catástrofe (ambiental e democrática) do Prestige. Dende entón sigo a defender aos funcionarios policiais, mais desconfío sempre dos seus mandos políticos, quer Ministros do Interior, Directores Xerais da Policía e

Garda Civil, quer Delegados do Goberno ou determinados Comisarios Xerais pata negra, que cren só responder perante o seu Ministro e a Historia.

Existen xa probas de cargo abondas que demostran a conspiración delictiva, cando non a autonomía de actuación á marxe de calquera control democrático, de enteiras unidades policiais. A chamada Policía Política ou Policía Patriótica, creada polo anterior Ministro do Interior, Jorge F. Díaz, semella xa unha realidade acreditada. Unha Policía usada fraudulentamente para combater o independentismo catalán-pacífico, compre

non esquecelo-. Arrepíamos coas gravacións onde o Ministro animaba ao Xefe da oficina Anti-fraude catalá para espiar parentes de Francesc Homs, Artur Màs ou Oriol Junqueras, prometéndolle apoio aberto dende a Fiscalía e gabándose ambos os dous de terlles “desfeito a santidad catalá”.

Que dicir do comisario Villarejo, sospeitoso de ferir a coitelo a unha doutora supostamente acosada polo Presidente de Ferroglobe, Javier López Madrid e de usar os medios da Administración en beneficio da súa axencia de información? Ou das interferencias a respecto das pesquias policiais sobre o duplex do ex presidente madrileño, Ignacio González, na Costa do Sol? Ou do absoluto ridículo de

lle atribuír ao entón alcalde barcelonés, Xavier Triàs, a titularidade dunha conta falsa en Suíza?

Pois ben, até de agora só o Parlament catalá abriu unha pescuda oficial sobre estes feitos delictivos, mentres que PP, C's e, até de agora, o PSOE (boa oportunidade para que Pedro Sánchez amose a remuda de paradigma) bloquearon até de agora calquera investigación a serio dende o Congreso dos Deputados.

Nunha democracia só nos poden investigar por orde xudicial. O outro chamase Estado policial ou Estado autoritario.



Mero

Por: Baldomero Iglesias Dobarro

Verdugos que matan a esperanza

Aínda de lonxe, desde a visión máis obxectiva que puidese exercer ou desde unha perspectiva allea dos problemas que tanto nos afectan, a cousa é evidente e cae de caixón. Resulta que, os que están no goberno implantaron a Lei Mordaza –para castigarnos e protexerse eles-, ocultan documentación e destrúen probas –para evadir responsabilidades e erros-, fan o nomeamento dos responsables e xefes de Salas onde se xulga a situación caótica na que levamos xa anos, mesmo nomean a dedo aos grandes responsables da xustiza e outros postos de responsabilidades varias, resultando tamén que van contra os informes policiais –cando estes os atopan polo medio de escándalos e espoliacións- e por riba, despois, eles mesmos, demonizan aos que os investigaron. Todos sabemos que bloquean as informacións das axencias tributarias, das anticorrupción,

da UCO, da UDEF, de todos cantos os investigan e –loxicamente- atopan perversións e manipulacións inmorais que os fan culpables e sospeitosos das marañas que –minimamente- recibimos nos medios de comunicación, previamente untados con subvencións deles, para que poñan silencios e dúbidas sobre todas as certezas que se evidencian pois, senón, non hai outra explicación. Habitan por riba da Lei, e esta non vai con eles. En fin, que este mundo semella de tolos. Contan, pensan realmente que somos estúpidos, que tragamos as estúpidas palabras e evasivas, as obscenas manobras que resultan ser ocasión para excluírse da responsabilidade dos seus actos e decisións. Cando resulta que ademais están subvertendo a escasísima democracia que se podía quizais albiscar, que obstaculizan a verdade e as comisións de investigación, que nos fan retroceder en

dereitos e liberdades básicas e fundamentais para unha vida sen grandes pretensións, pero digna; que cando culpan a alguén somos nós culpables e pagamos as desfeitas que eles resolveron –da peor maneira, claro; que empregan o diñeiro público coma se fose propio e dilapidan moreas de millóns en estúpidas compracencias aos amigos das porcentaxes e beneficios en negro, que... etc. Xa saben todos vostedes a relación de casos e de implicados, todos sabemos que nos trouxeron a esta desvergoña na que se cren deuses, onde non ten límite o dano que fagan nin o que rouben. Están implicados e deben pagar por cantas fixeron, pero sen estrañarse de que a Xustiza llelo bote en cara e de que teñan que reintegrar o que levaron, pagar o que mal fixeron e aplicarse na purga que deban cumprir. Deben devolver o furtado, que seica aquí non o fai ninguén. E deben volver ao rego da Xustiza, á Lei que esqueceron e da que se senten superados e indiferentes na súa impunidad. O que están a facer con todos nós é indignante. Xa está sabido que manteñan estruturas mafiosas no seu goberno, que lles serven para protexerse e protexer así a outros delincuen-

tes. Está claro que o sistema, así, non funciona e dá como resposta unha desigualdade suicida: ricos máis ricos e moitos máis pobres, moitos deles excluídos xa da narración e relato dos tempos. Pois hai que dicir ben alto que “non vale a solución”, que non funciona e non é operativa. De todas formas o peor aínda non é iso, o peor é ter que asumir que –con todos os datos que todos sabemos- haxa xente que os vote. Ou está a mesma sociedade podrecida na mesma corrupción ramificada e estendida, ou ten chegado o tempo dun novo Medulio non que todos merecemos inmolarlos. Algúns, máis temerosos, seguimos coa teima de non ceder nin deixarnos levar pola canseira, máis alá de siglas e eufemismos, seguimos a confiar nun mundo mellor e máis noso, que é posible, sen dar pasos atrás. Sabemos, tamén, que os que non se comportan como deben son os que ocupan máis espazo. Pero preferimos o “denantes mortos que escravos” con este tipo de xentes.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocío Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Losada Dorado – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PORTUGAL: Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – Manuel Gonçalves – João Martinho.

MADRID: –Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo.

CANARIAS: Fco. Puñal.

NOVA IORQUE: Fco. Alvarez (Koki)

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Jesús Losada Dorado – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Her-manager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

Redacción A CORUÑA

De Galeuzca, que se “fizo”?

Eran outros tempos en que os vascos, cataláns e galegos asinaban o Acordo chamado GALEUZCA asinado por primeira vez (logo habería novas versións en anos sucesivos) en 1923. No ano 1933 Castelao propuña a reactivación do acordo coas seguintes palabras: “Identificados vascos, cataláns e galegos diante da problemática de liberación dos nosos pobos, selamos hoxe baixo a árbore de Guernica o pacto de mutua solidariedade que ha de conseguir a ratificación daqueles degoiros”

Hoxe daquilo xa ninguén se lembra. Mentras os vascos, que non votaron a “marabillosa Constitución Española” que nestes momentos se trae á mesa como ungüento de Fierabrás, están aí, ergueitos fronte o Poder Central; negociando beneficios para o pobo vasco, sen ningún tipo de prexuízo, ata apoiando un goberno de dereitas centralista a macha martillo; mentras os cataláns lle plantan cara ao Goberno de Madrid ata obrigarlle a Rajoy a introducir cambios substanciais na lexislación vixente, cando tiña maioría, claro, para logo utilizar o Tribunal Constitucional para que lle quite as castañas do lume, como se fora a señora da limpeza (con todo o meu respecto para as limpadoras), os galegos “non sabemos, non contestamos”. Temos representantes en Madrid que non se sabe ben a quen representan.

Os vascos defenderon e seguen defendendo os seus poderes históricos, de tal maneira que, de facto puideramos asegurar que as institucións vascas conforman, de facto, un nazón independente.

Respecto de Cataluña comprobar como nestes momentos é o problema político e social máis importante e

máis serio que estamos vivindo. E todo porque os cataláns que, durante o goberno de Zapatero aprobaron un novo estatuto refrendado polo seu Parlamento e logo polas Cortes Xerais do Estado comprobaron como o Partido Popular se empeñaba en amargarlles a



festa. O PP levou ao Constitucional aquel estatuto reformado e actualizado conseguindo eliminarlle varios dos artigos nos que se confirmaban principios e poderes para o actual goberno catalán. Nada do que hoxe reclaman. Se os populares non lles fixeran aquela afrenta seguro que hoxe non se verían na tesitura na que se atopan.

Non é preciso demostrar que esa afrenta dos populares fixo que os cataláns se sentiran traizoados polos chamados estatistas. Aquí non se tivo en conta que a historia xoga ao seu favor.

Cataluña, sobre todo Barcelona, xa se enfrontou ao goberno de Felipe V (antepeado do actual Felipe VI), na coñecida Guerra de Cataluña (1713-1714) sendo sitiada a cidade durante cásque un ano. O Intendente borbónico José Patiño y Rosales recibiu ordes de recadar

impostos a calquera prezo para evitar a bancarrota das arcas do rei. Que o Rei ordenara este cobro de impostos supuña unha clara vulneración das Constitucións cataláns porque esa potestade só correspondía ás Cortes de Cataluña. Produciuse un levantamento dos cidadáns que tiñan que alimentar aos cabalos do exército borbón, esixindo aos cidadáns dos arredores de Barcelona comida para o exército baixo pena de malos tratos e serios castigos. De aquí sae a frase, que agora tanto se denigra, “Vai fora, lladres!!” (fora Ladróns), por parte dos cidadáns que non coñecen a historia,

Daquela Cataluña tiña as súas propias institucións, a súa propia facenda e representación consular no exterior, sobre todo en Austria, Francia, e Inglaterra.

O goberno de Rajoy, con él a fronte, debiera ler algo máis de historia. Así non cometerían as tropezas que están cometendo. A ver en que queda a cousa.

Pero voltemos a esta Terra Nosa. Aquí os chamados nacionalistas levan, levamos, toda unha vida lambendo as nosas feridas. Laiándonos do abandono de Madrid. Sen embargo non somos quen de presentar un bloco forte e unido diante dos poderes do Estado para que nos teñan en conta.

Dende que eu teño “uso de razón política” (e van aló máis de 50 anos) veño

a s i s -
tindo a
c o n t i -
nuos pa-
ritorios
políti-
c o s .

Cada quen di vai ser a solución, ata que se esfarella noutros novos entes e así ata o infinito. Hoxe asistimos a un déjà vu político que só serve para cabrearnos máis. Pouco a pouco vanlle quitando a un as ganas de ir votar. Total, para qué? poderíamos preguntarnos. Cantas veces os galegos se organizaron en opcións políticas propias; as chamadas nacionalistas? Cantas veces se desfizeron noutras novas e así ab eternum.

Estamos diante dunha data importante: o DIA DA PATRIA GALEGA. Ata anos atrás servía para mostrar músculo fronte aos partidos centralistas. Hoxe acabou sendo un escaparate onde se mostren os diferentes grupos cada cal polo seu lado. Coma o can do hortelán “nin come nin deixa comer ao amo”.

Os novos, os máis preparados, os mellores vanse fora. Xa o dixo Rosalía en versos preciosos: “esta vaise e aquel vaise // Galicia sen homes quedas que te queiran “representar”. Porque a Galicia non se representa só, presumindo de ser os mais castos e puros. Iso da castidade era doutras épocas. Galicia precisa homes e mulleres que traballen para darlle mellor vida aos novos e aos vellos. A uns para que teñen un futuro decente, aos outros para que poidan descansar de tantos sinsabores como a vida lle ten dado. Que facemos nós? Moito barullo pero poucas nocces. Somos os mellores galegos pero este país estase desangrando sen remedio. Non queremos contaminarnos cos que entendemos non son galegos de pro e seguimos sendo cabezas de rato. Parecera que o, importante é presumir de pureza de sangue mentras ao noso arredor o pobo se desangra.



Opinión

Por Xosé González Martínez

Presidente do Foro E. Peinador

I + D + I + G

En certa ocasión fun levado a coñecer unha Escola de Negocios dunha entidade financeira. O seu director foime amosando as modernas instalacións dotadas de todos os medios tecnolóxicos. Sentíase fachendoso porque cada aula levaba o nome dun coñecido economista. Pregunteille porque non había ningunha dedicada a un galego. Non soubo que contestarme. Pedínlle información sobre os cursos que se impartían na Escola e nos temarios editados cun lustroso deseño non atopei ningunha referencia á historia do pensamento económico galego. En resúme: os alumnos daquel centro poderán saber moita teoría e mesmo experiencias de planificación económica alén das nosas fronteiras e ao tempo descoñecer as importantes contribucións de coñecidos economistas ao desenvolvemento económico autóctono.

Non é de estrañar que en Galicia os dirixentes empresariais amosen indiferenza polos nosos valores patrimoniais. Esa vi-

sión perturbadora denunciábase a Revista de Economía de Galicia (REG) que foi unha publicación única, de recoñecido prestixio internacional no panorama económico daqueles anos, polos seus contidos ben escollidos por un consello de dirección de gran solvencia académica e empresarial.

O editorial do primeiro número da REG, editado en 1958, é ilustrativo: "En Galicia non é infrecuente que se contraponan os conceptos de economía e cultura. Entendemos por cultura dun país o conxunto de formas dinámicas que articulan a súa vida en canto totalidade complexa. Cada unha desas formas -realidade económica, estrutura política, peculiaridade espiritual, tradición histórica, etc.- configuran a natureza da propia relación economía-cultura que ten que ser de acción recíproca."

A filosofía da chamada Responsabilidade Social Corporativa ou Empresarial, da que a REG foi precursora, insta a procurar esa vinculación da economía e a

cultura. Por iso a publicación rexeitaba por absurda esa contraposición, xa que a investigación económica é unha actividade cultural cuxos resultados inflúen, de maneira esencial, no desenvolvemento da vida económica en canto realidade concreta.

Desa negación do contexto cultural no que se desenvolve a actividade económica e empresarial xorde a desconsideración polo marco xurídico que regulan a cooficialidade lingüística e os dereitos lingüísticos dos traballadores e traballadoras e consumidores recollidos na lexislación vixente. Pero aínda hai máis. Os estratexas dos estudos de mercado descoñecen a importancia que ten vincular as súas marcas comerciais coa lingua de orixe. Todo o contrario do exemplo da ampla oferta de produtos que nos chegan doutros países etiquetados na súa propia lingua e que os consumidores galegos aceptan con naturalidade, como fan noutras latitudes xeográficas cos nosos produtos etiquetados en lingua galega. Porque a súa calidade é o que interesa, e o idioma certifica a autenticidade da súa orixe.

O sentimento de lealdade cos nosos

valores patrimoniais deberá estar sempre presente na xestión empresarial. Pero para que isto ocorra a medio prazo,




deben ser os centros universitarios e as escolas de negocios, as que deben mudar os seus currículos incorporando a eles o estudo da nosa realidade cultural e os seus efectos positivos nas estratexas de mercadotecnia e nas potencialidades que ela ten nos recursos humanos. As empresas que asumen esta filosofía teñen mellores contas de resultados e a entusiasta aquiescencia dos seus consumidores. Na historia económica de Galicia xa contamos con bos exemplos dese proceder con exitosos resultados.

Neste camiño de diálogo e reencontro entre a economía e a identidade, no que fai fincapé constantemente o Foro E. Peinador, é de salientar a decisión da dirección da Escola Universitaria de Estudos Empresariais da Universidade de Vigo de darlles nomes de emprendedores galeguistas ás súas aulas.



Humor

Por Martirena



Entrevista

Por Moncho Mariño

Entrevista a Marcos Maceira, presidente da Mesa pola Normalización Lingüística

"O reto está en conseguir mudanzas políticas a favor do galego"

Marcos Maceira Eiras (Santiago, 1979) chegou á presidencia da Mesa pola Normalización Lingüística en 2014. Logo da etapa de Carlos Callón, Maceira atopaba unha situación, senón difícil, si complicada para o galego segundo o presidente da Mesa. Unha serie de feitos con denuncias por discriminación contra galegofalantes, decreto plurilingüístico da Xunta criticado e posto en entredito, non aplicación do Decreto de Normalización e novas plataformas ou asociacións contrarias ao feito mesmo da normalización. Todo isto é o que ten por diante tanto a Mesa como o seu presidente.

A pregunta é obrigada. Cal é a súa visión e conclusión sobre o estado da lingua desde que chegou á presidencia da Mesa?

Realmente non houbo modificacións na tendencia negativa do galego. Non se trata só desta etapa, senón que desde hai décadas hai unha caída importante na utilización do galego. Entre outras cousas porque non se puxeron en marcha accións ou medidas concretas ou reais, para que poidamos utilizar o galego con normalidade e que ademais estea visible e presente. Con esta situación global, realmente é difícil parar ese descenso. Fan falta medidas e accións favorables á lingua. Isto para facer un uso normal da mesma.

A pesar dese descenso, non cre que tamén se teñen dado pasos mesmo desde a propia sociedade? Hai xente que emprega o galego nos medios que usan a lingua do país, aínda que logo non. Iso non ten o seu valor?

É certo que houbo avances. Non obstante, se nos fixamos en todos os espazos onde o galego directamente non existe, son moitos máis que onde o galego si existe. Mesmo aqueles espazos nos que se conseguira máis presenza do galego, hoxe están en retroceso. Por poñer un exemplo, os medios públicos. Quen vexa un telexornal ou uns determinados programas tanto na radio como na TV, vai ver como ás veces se tira de expertos en determinados temas que nin sequera son galegos. Aí temos

dobro prexuízo, primeiro social, pois parece que en Galiza non hai expertos para falar de certos temas, cando aquí temos tres universidades con expertos nos mesmos temas que falan galego, e logo que parece que é mellor traer xente de fóra e que fale en español. Tamén hai retroceso no seu uso por parte de cargos públicos.

A nivel social hai un aumento da conciencia e de que a situación é así, de que hai que actuar. Pero por parte dos poderes públicos non hai actuación suficiente, ou hai unha actuación directamente en contra do galego. Este goberno do presidente Feixoo, o primeiro que fixo foi eliminar unha das probas que tiña que ser en galego para acceso á función pública. Por tanto para el, o galego non era necesario para a función pública, cando era un requisito para garantir o dereito de cada persoa a ser atendida en galego na administración pública. Logo está o decreto do plurilingüismo que reduce máis a presenza do noso idioma nas aulas.

Houbo mobilizacións importantes a nivel social. O que pasa é que se a mobilización social non vai acompañada dunha acción institucional, pois ás veces temos sensación de impotencia e frustración. Non obstante, debemos teimar, porque posibilidades de darlle a volta á situación existen.

Ademais da Mesa, existen outras organizacións socias a prol da lingua. Non sería máis acaído**ou necesario, unha unidade de todas estas asociacións?**

Nós desde a Mesa colaboramos habitualmente con colectivos de moi diferente tipo. Mesmo con iniciativas que levamos agora adiante, unha Iniciativa Lexislativa Popular, para garantir os dereitos lingüísticos no ámbito socioeconómico. Contamos co apoio de organizacións empresariais, veciñais ou culturais. Impulsamos e coordinamos a plataforma "Queremos Galego". Esta é unha plataforma de máis de cincocentos colectivos de diferente tipo.

Creo que non está tanto aí o problema, como que desde o ámbito institucional non hai resposta á demanda social que existe a favor do idioma. Por iso temos unha sociedade que se mobiliza máis a favor da lingua, e logo un goberno que se move á contra. O reto está en conseguir mudanzas políticas a favor do galego.

O nacionalismo galego gobernou durante tempo nalgúns concellos. A día de hoxe existe algún concello que sexa paradigma dunha política de**normalización lingüística efectiva?**

É difícil establecer cal sería un concello concreto. Os concellos non son illas á marxe do que acontece no resto do país. Por iso é difícil establecer en que lugar isto funciona mellor. En todo caso, hai concellos que actúan para corrixir a situación do galego no seu ámbito. Fixemos propostas a todos os concellos empezando por aplicar as leis no ámbito municipal. Pero fai falta unha lei colectiva que empece por algo moi simple que é facer cumprir as leis. Porque sempre se chega a acordos ou propostas de lei, coa condición de que logo non se vai cumprir. O que acontece coa Lei de Normalización Lingüística ou do uso do galego na administración.

Logo, no ámbito municipal, a privatización de servizos está a levar que o galego desapareza de moitos servizos públicos. Por conceder un servizo público a unha empresa privada e que en moitos casos está fóra de Galiza. **Sobre a iniciativa que se fixo no Congreso dos Deputados, pedindo o cumprimento da**

Carta Europea das Linguas, consideran que debería ter saído hai tempo das propias autoridades españolas e galegas?

Ese documento fora ratificado polo Estado español e era de obrigado cumprimento desde o 2001. É increíble que no 2017 haxa que pedirle ao Estado que cumpra un acordo que el mesmo asinou. No caso galego, o cumprimento desa Carta é ínfimo, como di cada catro anos o comité de expertos que mira polo cumprimento dese documento. Como foi o decreto de plurilingüismo que foi posto en evidencia en varias ocasións. Nós temos realizado iniciativas no Parlamento galego, no Congreso dos Deputados para a súa aplicación. Pero hai que lembrar que é o Estado e a Xunta quen vulnera esa Carta, que é un tratado internacional, por tanto lexislación estatal. Só para o castelán hai cincocentas disposicións que amparan o seu uso, pero no caso galego, parece que as disposicións fanse para que non se cumpran.

Opinión

Mero

Por: Baldomero Iglesias Dobarro

De novo, coma Penélope, teceremos esperanzas

Non hai mellor forma de celebrar a Patria que exercéndoa. Todos os días. Exercela é levala dentro e dar manifestación do noso orgullo por posuíla, por facela nosa, sabendo que é ela a que nos posúe a Nós, a que nos imprime as súas esencia para darnos razón de ser. Patria Galega falando Galego. Patria galega doéndonos na mesma dor e a varios anos de Angrois, o accidente aínda traxedia, que se converteu nunha fardela de escusas, que non razóns, para que os mesmos que manexan os fíos dos monicreces desta chanza, sigan sen dar a cara. Así estamos, no mesmo punto de moitas cousas, no mesmo drama, sen solucións mentres non teñamos outra ansia nin se apliquen responsabilidades. Quizais, mentres non haxa persoas capaces no goberno. O tempo pasa, lentamente, e a tea dos teus soños non se move. Malos gobernantes e malos xestores. Traballan contra de nós. Inopia, falta de sensibilidade e mala fe conxugan o desastre, o desespero. Súmase a ignorancia que nos leva feito tanto dano, non saben ou non queren saber, que vén sendo peor. Aran os bois

e chove. O rural esmorece, seméntase combustible en forma de eucaliptos. A xente non se dá conta, pero empeza a estar farta do insulto e ninguneo, porque os

rannos, outro tipo de ignorancia: gobernan contra de nós. Medallas, sempre medallas. Medallas ao valor, medallas ao silencio, medallas aos amigos, medallas



delitos quedan sen resolver. Nin sequera unha investigación seria para esclarecer o que pasou, para saber do drama que nos fixo acender a carraxe. Pasou un tempo xa cheo de vontades, nada se sabe, todos calan e tapan. Os que gobernan dan medallas, como vén sendo normal, para acalar conciencias para ampliar amigos. A ignorancia e a torpeza dos que din que xestionan, ignó-

aos do partido, medallas devaladas en lúas, medallas de mentiras agrandadas nos medios, medallas de convivencia e cómplices, medallas de ouro, de prata, de sangue, de miserias. Sempre medallas para calarnos, para que quedaren tranquilos, para esgotar existencias.

Na Patria Galega, silencios. Na Patria Galega, divididos. Agachados en siglas e, entre os poucos

que somos, tirándonos coitelos aos ollos. Agrandando distancias. A esperanza nos teus ollos espreguiza! Gaña a dereita! Nada se move e os que ían facer moito, calan consentidores aceptando as normas dos que se elevan ao alto do poleiro. Aí seguen. Ninguén actúa, non hai feitos, non hai actividade, quizais palabras envolventes, envolvidas en fume, e aínda menos se move a Cultura. Nin música, nin teatro, nin libros, nin artes plásticas, ...nada! Manexan o mercado ao seu pracer, convencen porque non se ven outros.

Ah, e todo segue a vir de fóra, todos os de fóra son mellores que os de aquí. Priva esa máxima divulgada polos altosfalantes. Esa é a política dos que organizan. Os soños veñen de fóra e así vai a nao, ao ritmo do birimbao. Todo pola borda e desbordados. Silencio e máis silencio, están acabando con todo, están acabando connosco. Pero nós, insistimos en auto proclamarnos únicos heroes. O pobo mira, absorto. Algúns din: non nos representan! Ti envólveste en sabas de mil anos e en soños escoitas a chuvia, maina no petar dos vidros. Xa nen sequera os bois aran.

Quedan festas consoladoras, unha liturxia de voces e palabras. E son eles os que dan os premios. Buscan amigas e amigos. Medallas de Galicia, as medallas Castela, os xacobeos dos próximos,

dos que calan e consenten, dos que non desdín. Xa luxaron os seus

nomes -unha vez máis- e cando ousan falar de Castela, desde a lonxanía e o descoñecemento, desde a ignorancia, atrévense a dicir que, mesmo, estaría con eles! Sería un momento para dicir pecados, pero todos vostedes non o merecen. Son provocacións e fano desde a involución, ese rexeitamento que bota máis lixo sobre o pasado: os mortos, agora, que xa están ben mortos!

Como en Angrois, como no Prestige, ...como a impunidade dos seus delitos, como en todas as traxedias que arrastran ao silencio e con el ao esquecemento. Moitos cómplices dese silencio. Moitos vendidos, tamén aquí agachados na ramalleira, no sorriso falso do traidos. O tempo vai de Parga a Pastoriza, como dixo o autor e poeta chairgo Díaz Castro. A pesar de todo, tempos virán que os poñan no seu sitio e os avergoñen diante o mundo, polo moito mal que fan, e polo moito mal que fixeron. Moitos non esqueceremos, deixaremos ditos os seus nomes, sen medallas. Traquerán os camiños algún día a xente que levaron, ...toda cousa ha de pagar seu desmo!



Por Carlos Meixome

Vinte e cinco: continúa a frustración?

O outro día acompañei o meu neto a unha desas festas de "cumpre" para cativos. Ben saben, unha algarabía miúda e riseira que sempre remata con algunha que outra queixa infantil ou choromicada estridente. Unha das cativas, tan pronto a voluntariosa nai argallante do convite exhibiu a variedade de lambetadas excesivas, apañou un cunco ben rebordado dunha caste de pauciños amarelos enchoupados en sal e de intenso sabor. Bloqueou o concho chantando con fereza os cóbados e rodeando co resto do corpo o recipiente do que apañaba con ansia todos os pauciños que lle cabían na súa pequerrechiña man. Todos riron a chanza. O resto da xente miúda aínda andaba medio apalermada ante a exuberante mostra de lamberetadas. O caso é que al-

gúns minutos despois, os pauciños de sabor intenso chamaron a atención da rapazada e desencadeouse o conflito que acabou en sufridos choros por parte da cativa obrigada a ceder na súa pretensión de exclusividade.

Tal cal o de cada vinte e cinco.

Hai tempo que se leva intentando, pero sempre as esperanzas e ilusións duns poucos, estragadas polos laretas de quenda, rematan en cínicos laios duns, badocadas doutros e xestos apesados dos camanduleiros.

Xa houbo unha experiencia, por certo ben pracenteira para os de "na fronte unha estrela e no bico un cantar", que poñía na soleira a esperanza derramada, infortunadamente, aos poucos meses.

Foi aquel vinte e cinco de xullo de 2015.

Pode que ninguén pense na urxente re-xeneración económica, política, moral, cultural, psicolóxica... da cidadanía dun país do que foxen os brazos fortes e as mentes avisadas; pode que alguén pense que estamos ben como estamos mentres cada quen teña a súa leira máis ou menos aquela; pode que ninguén pense na necesaria e urxente concentración de forzas populares; pode que alguén pense que ter unha leira máis grandeira que a do veciño é ao que se pode chegar; pode que ninguén pense en botar a peste xa que ao fin e ao cabo como xa estamos todos contaminados creamos anticorpos de estulticia; pode, en fin, que moitos pensen que o que queda no país só sexan apestados ou aproveitados, barallos e bulebulle.

Négome a pensar así.

Cómpre que persoas e colectivos de amigos e amigas sinceros do país tomen a iniciativa; que sexan quen de superar, na práctica, os crípticos grupos políticos que co seu xogo curtopracista impiden a construción dunha alternativa solvente ao Partido Popular; que sexan quen de pensar en

clave de necesidade patriótica; que sexan quen de actuar ao servizo da mocidade precaria, do parado sen esperanza laboral, do territorio ameazado, dos mozos e mozas que foxen, da xente maior agoniada por ameazantes recortes de pensións, polos que vemos que a nosa lingua e a nosa cultura esvara entre os nosos dedos como se fose area que non damos coutado.

Cómpre tomar iniciativa pola esperanza.

O vinte e cinco é unha boa data para que se apele á necesaria unidade da diversidade da esquerda nacional e do nacionalismo para erguer a alternativa. Cómpre que os amigos e amigas sinceros do país tomen a iniciativa e lla saquen aos círculos de misterio, como Prometeo lle birlou o lume aos deuses, aínda que sexa á custa de que che coman o figado.

Ou non hai ninguén aí?



Redacción

Galegos en Asturias celebran o seu Día de Galicia

A “Asociación Día de Galicia en Asturias”, con sede en Oviedo, organiza a edición XXII dos actos conmemorativos do denominado Día de Galicia que serán desde o 8 ao 17 de setembro de 2017. Desde o venres 8 estará aberta na rúa Picasso a carpa con parque temático e restaurantes que ofrecerán xornadas gastronómicas de Galicia. O día 15 na Cámara de Comercio será o encontro empresarial astur-galaico no que serán homenaxeados empresarios galegos e asturianos. O sábado día 16, no

Auditorio Príncipe Felipe de Oviedo desenvolverase o acto de homenaxe aos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado. Actuará a Banda de Música de Oviedo e a cantante do Incio, Lucía Pérez, a única galega que representou a España no Festival de Eurovisión. Ao día seguinte, no mesmo escenario, e despois da misa cantada na catedral, entregáranse as insignias de ouro e os carnés de socios de honra da asociación. No auditorio estará aberta unha mostra de encaixes de Camariñas.



Lucía Pérez acudiu en varias ocasións a estes actos.

Londres xa celebrou o Día de Galicia



Os galegos no exterior seguen conservando a lingua, as tradicións e os vínculos coa súa terra.

O vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, e o secretario xeral da Emigración, Antonio Rodríguez Miranda, participaron nos festexos organizados polo Centro Galego de Londres con motivo da celebración do Día de Galicia na capital británica. Ambos representantes da Xunta apreciaron o importante traballo que desenvolven os centros galegos no exterior, e felicitaron de forma especial ao centro de Londres, un dos máis activos e dinámicos en todo o mundo e que celebra este ano o seu

50 aniversario.

Ademais, resaltaron os valores dos galegos no exterior, que seguen conservando a lingua, as tradicións e os vínculos coa súa terra, sen que iso sexa un impedimento para acadar unha integración plena nos países que os acollen. Segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística a 1 de xaneiro de 2017, residen actualmente no Reino Unido 13.092 galegas e galegos, dos que preto da metade xa naceron na diáspora.



Entrevista

Por Moncho Mariño

Entrevista a Xulio Ferreiro, alcalde da Coruña

“Si creo que é necesario un entendemento entre as forzas da esquerda”

O alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, está na metade da lexislatura, como todas as alcaldías de Galiza. O caso é que na Coruña xogan factores como unha igualdade en concelleiros entre Marea Atlántica e PP, denuncias a concelleiros por cuestións culturais e unha das grandes cidades galegas, cunto desexado para todos os partidos clásicos e non tan clásicos. Quizais por todo isto, Xulio Ferreiro cre que o PP está a vingarse coa cidade herculina na súa persoa.

-Xa no ecuador da lexislatura, vostede anuncia que volvería presentarse á reelección para a alcaldía. Confirmao?

-Realmente foi a resposta a unha pregunta que me fixeron e que se tomou un pouco fóra de contexto. O caso é que, facendo unha reflexión, a un gustaríalle volverse presentar. Mais esa decisión tena que tomar a Marea Atlántica, pero o normal é que, se as cousas van razoablemente ben no primeiro mandato, poderíase intentar un segundo. Seguramente dous mandatos sexan o período abondo para que un proxecto de cidade se visibilice.

-Como lle vai ofrecer un balance positivo da actuación municipal á cidadanía, fronte ás afirmacións de determinados sectores sociais, económicos e políticos da cidade?

-Simplemente cun repaso a todo canto levamos feito na cidade. Polo de agora hai cousas importantes, temos asumido retos que estaban arrumbados desde hai tempo, como a construción da Área Metropolitana. Tamén cousas que seguramente non sexan tan visibles, como o propoñermos que non houbese verquidos incontrolados na Coruña e antes dos dous anos xa podemos presentar un balance positivo dese reto. Tamén existen outros instrumentos como a renda social, a recuperación da memoria histórica ou a dinamización cultural que está vivindo a cidade da Coruña. Penso que hai moitas cousas que se poden sinalar en positivo. Pero evidentemente gobernar doutro xeito sempre provoca conflito, por iso seguramente hai sectores económicos que sempre entenderon que nesta cidade o concello está ao seu servizo. Pois agora o concello está ao servizo da cidadanía.

-Teme que as políticas mediáticas acaben materializándose nunha resposta negativa nas eleccións locais?

-A ver, supoño que sempre haberá sectores da poboación máis permeables a iso ca outros. Afortunadamente estamos nunha sociedade plural, nunha sociedade que recibe inputs de moitos lugares ao mesmo tempo e de aí saen diversidade de opinións. Polo de agora a sensación na rúa e nas enquisas que se coñecen, é que esa diversidade existe.

-As obras para a avenida Alfonso Molina, poderase pechar esta cuestión antes do final da lexislatura?

-Espero que si, porque para nós xa está pechada desde hai un ano. Daquela chegamos a un acordo co ministerio de Fomento. Nós fixemos o que era o noso traballo que era propoñer un proxecto de humanización para as marxes, e o ministerio comprometérase a espoxear ao público o proxecto nun breve prazo de tempo. Ese prazo non sei se é breve ou non, pero é dun ano nestes momentos. O que non hai que facer é resolver un conflito, senón executar o acordo ao que chegamos hai un ano.

-Sobre as noticias que saen na prensa, por exemplo de pasos de peóns en mal estado, que pode dicir?

-Eu o que vin na prensa é un paso de peóns que non existe desde hai catro anos e restos de pintura branca. Se esa é toda a noticia, non hai moito que comentar. O que si creo é que hai unha cantidade grande de sinalización horizontal na cidade, ten un desgaste motivado polo tempo e que se repón pouco a pouco. Neste ano houbo unha reforma completa de pavimento e pintura en vinte pasos de peóns na cidade. No verán sempre hai unha campaña de repintado todos os anos. Isto faise no verán por cuestións climatolóxicas, por iso é normal que ao achegarse o verán poda estar desgastado. Tamén o programa “A pé de ba-



rrío”, leva un reforzo de pintura e sinalización horizontal. Pero eu penso que son incidentes menores e normais na vida dunha cidade que se solucionan e sempre haberá alguén que eleve a anécdota a outra categoría.

-Sobre os terreos xunto ao mar que se pretendían privatizar e edificar, cal é a situación?

-En impás, en negociación aberta con Puertos del Estado e coa Autoridade Portuaria da Coruña. O primeiro paso que era a venda da solana, conseguiuase suspender desde o marco desas negociacións. Agora o que queremos é darlle unha solución global a todos os terreos, tanto Solana, Fisterra, Batería, Calvo Sotelo e San Diego. Buscamos renegociar os convenios e asegurarnos tanto a xestión como a titularidade pública deses terreos. Ademais, que se podan integrar urbanisticamente na cidade dun xeito ordenado e que poidan seguir sendo pulmón produtivo da cidade.

-Hai unhas declaracións súas nas que di “Núñez Feixoo castiga ás cidades que non lle votan”. Cre que están preocupados dentro do PP como para pensaren na perda de voto urbano?

-O certo é que das sete grandes cidades galegas, o PP só goberna nunha e con dificultades abondo. Iso é o que lle preocupa ao PP neste momento. Mesmo desde o día seguinte ás eleccións

autónómicas, levan seguido en campaña para as municipais, polo menos na Coruña.

-Cal sería o remorso que ten Feixoo coa Coruña?

-O que non lle gustou ao PP foi perder as principais alcaldías galegas, máis as tres da provincia da Coruña. Entendo que están molestos con iso. Antes concello e Xunta poñían proxectos en marcha de maneira conxunta, agora a situación dos proxectos na cidade que dependen da Xunta de Galicia, no mellor dos casos van lentos cando non están parados. E os orzamentos xerais do Estado din o que din tamén, non hai investimento na Coruña. Esta non é unha sensación miña, senón que a comparto co resto dos alcaldes de Galicia cando falo con eles.

-Tamén son súas declaracións sobre que a lista máis votada non sexa quen leve o timón da Marea, cal sería o motivo segundo vostede para que isto ocorrese así?

-Ben, sobre este tema xa falei o que tiña que falar, dei a miña opinión enon teño nada novo que aportar.

-Non cre que iso serían argumentos para a oposición e dicir que as candidaturas cidadás están rompendo?

-Na Coruña A Marea Atlántica e o goberno local teñen moi boa saúde. En Marea ten un salto de escala territorial, isto fai que as cousas sexan diferentes.

-Cal é a valoración que fai de Luís Villares tanto como voceiro de En Marea como voceiro parlamentario?

-Unha valoración axeitada creo, que é a encomenda que tivo nas urnas de ser a cabeza visible da oposición.

-O feito de viren os dous, Villares e vostede, do mundo do Dereito, dálle un xeito especial á súa maneira de facer política?

-Non se trata tanto de onde vén un. Outros alcaldes da Coruña viñeron tamén do mundo do Dereito e eran diferentes a min. Se non me equivoco o presidente da Xunta tamén vén do mundo do Dereito, pero temos estilos e formas diferentes de entender a política.

-Considera factible unha grande coalición de partidos para botar o PP da Xunta?

-Non sei se unha coalición electoral é o camiño, creo que as cousas están moi verdes para pensar niso. Si creo que tanto nas cidades como na Xunta, como no goberno de Madrid, é necesario un entendemento entre as forzas de esquerda. Agora mesmo non creo que haxa unha forza que sexa absolutamente hexemónica na esquerda. É evidente que ten que haber certa rivalidade entre as forzas de esquerda, pero creo que co horizonte de que o inimigo está diante, é o PP. E para levar ás institucións políticas diferentes hai que tecer alianzas.

Habilitada a tramitación da inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións a través da sede electrónica

O Concello da Coruña habilitará, a partir da semana que vén, a posibilidade de formalizar dixitalmente a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas, REMAC. A medida, tal e como destaca a edil de Participación e Innovación Democrática, Claudia Delso, ten como obxectivo "facilitar a relación da cidadanía co seu Concello", ao ofrecer unha nova canle de recepción e remisión das solicitudes a través da sede electrónica. A responsable municipal lembra que este novo servizo telemático será adicional, "e non substituirá ao Rexistro xeral", de modo que todas as persoas e entidades que así o desexen poderán facer a inscrición no REMAC de maneira presencial. "En calquera dos casos, o Concello seguirá a

ofrecer a labor de información, asesoramento e acompañamento que vén realizando, de forma habitual, a través do seu persoal técnico", asevera.

O REMAC é un rexistro, independente do autonómico e estatal, que recolle a meirande parte das entidades que forman o tecido asociativo da cidade. A súa inscrición é gratuíta e constitúe un requisito necesario para o acceso a determinados programas, cursos formativos ou axudas e subvencións convocadas polo Goberno local. "Aínda que non é obrigatorio formar parte del, convén que calquera asociación ou entidade sen ánimo de lucro legalmente constituída, e que teña o seu ámbito de actividade dentro da cidade da Coruña, se inscriba no REMAC de cara ao seu pleno reco-

ñecemento a nivel municipal", sinala a concelleira.

Para realizar a inscrición no REMAC, é necesario presentar a correspondente solicitude tanto no Rexistro Xeral do Concello, como a través da sede electrónica, acompañada de documentación acreditativa. No apartado Catálogo de servizos da web municipal está a disposición das entidades interesadas toda a información necesaria sobre como tramitar a inscrición, a documentación necesaria, os prazos de tramitación e outra información adicional, así como a descarga da solicitude. A Concellería de Participación e Innovación Democrática lembra que, para a utilización deste mecanismo telemático, é necesario dispor dun certificado dixital ou DNI electrónico.

O Concello acometerá en setembro a urbanización do Camiño do Correo, en Feáns

O alcalde, Xulio Ferreiro, e boa parte de concelleiras e concelleiros do grupo de Goberno participaron nun novo encontro Dillo Ti coa cidadanía, celebrado no centro veciñal de Feáns, e no que o rexedor deu conta do traballo que está a desenvolver o Concello "para intentar coídar esas zonas menos visibles da cidade que representan os núcleos rurais como Feáns ou A Silva, lugares non tan poboados como outros barrios pero que son tan importantes na idiosincrasia da cidade". Nese sentido, salientou que unha parte dos 15 millóns de fondos europeos para as estratexias DUSI obtidos polo Concello se dedicará á mellora de núcleos rurais como o de Feáns. Igualmente, o rexedor avanzou o proxecto que se desenvolverá en setembro, para a urbanización do Camiño do Correo, no que se procederá a canalizar pluviais, reforzar a iluminación e realizar outras melloras, "en resposta ás demandas dos e das veciñas da zona". Como indicou a este respecto o concelleiro de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda, Xiao Varela, o proxecto está listo e en

proceso de licitación, e comprenderá a renovación do pavimento "para evitar problemas de fochancas e de maleza" e a separación do tránsito peonil e do tráfico

nunha plataforma á mesma altura, ademais da canalización de todos os servizos.

Na súa intervención, o alcalde tamén avanzou a próxima recuperación ecolóxica do río de Feáns para dotalo dunha senda peonil, "unha actuación urbanística que traerá aparelhada unha recuperación etnográfica, dos nomes tradicionais", e falou tamén das melloras que se efectuarán neste exercicio para mellorar a accesibilidade e pacificar o tráfico na zona do colexio do barrio, froito do primeiro proceso do Orzamentos Participativos. Do mesmo xeito, Ferreiro lembrou algunha das actuacións xa realizadas polo executivo coruñés na zona, como a recuperación do camiño do Cas-



tro de Elviña ou do rego que permite canalizar as augas que en ocasións anegaron a contorna do centro cívico.

No curso do encontro, o concelleiro de Rexeneración Urbana tamén aludiu ao importante reforzo dos investimentos para o mantemento, tanto de beirarrúas --dos 2,4 millóns de euros aos 3,2-- como do pavimento --actualmente en licitación-- realizado polo Goberno municipal dentro do esforzo e a aposta pola mellora do espazo público, e fixo mención a actuacións neste sentido como a renovación das beirarrúas da urbanización Breogán, "que non se melloraban desde 1976 e nas que se investiron arredor de 250.000 euros".

O Punto Limpo Móbil pasará en xullo por nove localizacións distintas

A Concellería de Medio Ambiente vén de informar da situación do Punto Limpo Móbil para este mes de xullo, no que o servizo se achegará a nove



localizacións distintas da cidade. Hoxe está situado, até as 14.15 horas, na rúa Illas Sisargas, no barrio de Novo Mesoiro. Á semana seguinte, o servizo itinerante recalará entre os días 4 e 6 na rúa Capitán Juan Varela, xunto á Audiencia Provincial, e de cara aos días 7 e 8 a cidadanía poderá facer uso do mesmo na Gaiteira, á altura do número 31. A continuación, o Punto Limpo Móbil situarase, entre os días 11 e 13, na praza Luís Seoane (Novos Ministerios), e os días 14 e 15 na rúa Regata Cutty Sark, en Adormideras. Xa na semana seguinte, o servizo da área de Medio Ambiente visitará a avenida de Cádiz (Lonzas), entre os días 18 e 20, mentres que o venres 21 e sábado 22 situarase na avenida da Pasaxe, entre os números 25 e 33. Finalmente, e tras a festividade do Día Nacional de Galicia --na que o servizo non estará dispoñible--, a veciñanza poderá depositar os seus resi-

duos entre os días 26 e 28 na praza Pablo Iglesias, e o sábado 29 na praza Elíptica dos Rosales.

En horario de 09.00 horas a 14.15 horas, as persoas que o desexen poderán empregar este servizo para depositar pequenas cantidades de certos residuos do fogar que non teñen cabida nos contedores das rúas, tales como aerosois, aceite doméstico, baterías e acumuladores, pilas CD, cristal, lámpadas e fluorescentes, pinturas de vernices, radiografías ou tóner, así como roupa, zapatos, xoguets e pequenos electrodomésticos (televisores, microondas e computadores). O vehículo conta cun operario para poder axudar á cidadanía a depositar cada residuo no contedor correspondente. A Concellería destaca que este servizo facilita a xestión de residuos e promove a reciclaxe a través da recollida selectiva.

A modificación da ordenanza da ORA permitirá anular os avisos de denuncia

O día 1 de xullo entrou en vigor a modificación da ordenanza da ORA que permite aos e ás usuarias anular os avisos de denuncia por impago do estacionamento en zona habilitada ou ben por exceso de tempo, a través dun recargo de entre 1,5 e 6 euros. En concreto, as tarifas para deixar sen efecto o aviso de denuncia ascenden a 1,5 euros no caso de exceso de tempo de aparcamento respecto ao mar-

cado no ticket, sempre que se aboe dentro dos seguintes 60 minutos desde a finalización do tempo autorizado; 3 euros, cando o recargo por exceso de tempo se aboa entre os 60 e os 120 minutos posteriores ao final do tempo autorizado polo ticket e 6 euros para aquelas persoas que carezan de ticket ou este no sexa válido, sempre que o pagamento deste recargo se aboe nos 60 minutos posteriores ao aviso de denuncia.

A oposición reproba ao alcalde de Monforte

A moción de reprobación que se debateu e aprobouse o día 26 de xuño no pleno de Monforte non ten transcendencia municipal. Trátase de escenificar publicamente o rexeitamento da oposición á conduta do alcalde, o socialista José Tomé Roca. Foi un acto simbólico e, considerando cantidade de público asistente ao pleno e a presenza varias cámaras de televisión, os grupos que a promoveron lograron o seu obxectivo.

A iniciativa saíu adiante con catro votos a favor do PP (faltaba un edil deste partido), dos catro exintegrantes do BNG e da representante de Esperta Monforte. A abstención foi do único edil do Bloque que queda. Os seis votos en contra foron o PSdeG. José Tomé Roca escoitou como a oposición lletachaba reiteradamente de “prepotente, ditatorial, pouco humilde e irrespetuoso”. Pilar López, Maribel García e Julia Rodríguez debullaron decenas de afirmacións e expresións que nos últimos tempos usou o alcalde que consideran fóra de ton e repasaron casos como os de Aqualia, o porto seco e o Hotel Comercio, entre ou-



O alcalde entrando non salón de sesións.

tros, nos que consideran que non tivo a deferencia de escoitar á oposición a pesar de estar en minoría e nos que non actuou correctamente.

O alcalde rexeitou defenderse persoalmente e delegou no seu portavoz, Iván Torres dixo: “non se cómo os monfortinos non as corren a gorrazos”, díxolles ás portavoces dos grupos que promoveron a reprobación. Asegurou

que as tres portavoces menten practicamente cada vez que falan, que o único que queren e “gobernar a pesar de estar na oposición”, que as concelleiras “usan este espectáculo para tapar a súa incompetencia e os problemas internos dos seus partidos” e que lles amola excesivamente “que este equipo de goberno estea a facelo ben e poida gañar outra vez as eleccións”.

Accesos para A Barca

O Goberno local do Concello de Sober vén de rematar os traballos de mellora dos accesos ao lugar da Barca. Grazas a esta actuación, os veciños e veciñas poderán acceder ás súas vivendas de maneira máis doada e segura, ao igual que os visitantes que deciden achegarse á zona, unha das máis espectaculares do municipio. Nas últimas semanas leváronse a cabo importantes traballos de consolidación dos camiños de acceso e interiores dos dous barrios habitados deste lugar emblemático pertencente á parroquia de Anllo Santo Estevo.

En concreto, o Goberno local destinou 25.000 euros á mellora de camiños neste lugar situado na desembocadura do río Cabe no río Sil, con beneficios directos para os veciños e veciñas e para os turistas. O alcalde, Luís Fernández Guitián, reafirma o compromiso do seu Goberno coa mellora das parroquias e do rural. Así, séguense a facer obras de mellora de camiños e vías de titularidade municipal, amais dos desbroses das pistas que comezaron en xuño e seguen a bo ritmo.

A oposición di que o alcalde de Monforte presiona aos técnicos municipais

Os partidos que integran a oposición ao goberno municipal (PP, BNG e Esperta Monforte), que teñen maioría no pleno, con once concelleiros, asinaron unha declaración conxunta na que destacan que os técnicos municipais, “en particular no que se refire á elaboración de informes en relación ás mocións presentadas pola oposición, sofren presións”. Tamén se refiren á actitude “ditatorial” do alcalde, algo que, aseguran, vese na forma que ten de tratar aos portavoces dos grupos da oposición, pero tamén cara a un funcionario, o secretario, “que soporta unha gran carga de traballo, sendo o sostén da xestión municipal”. Neste sentido, criticaron que non conte co apoio doutros traballadores municipais.

Esta declaración conxunta dos tres partidos produciuse ao día seguinte da rifa entre o al-



Casa Consistorial de Monforte de Lemos (Lugo).

calde socialista, Xosé Tomé Roca, e o secretario municipal, Xosé María Baños Campo quen acusou ao rexidor de utilizalo politicamente. A disputa xurdiu cando o alcalde xustificou a imposibilidade de responder a unha pregunta do BNG debido a que o secretario non lla pasou ata as once da mañá, non dándolle tempo para dispoñer de datos para dar unha contesta-

ción ao partido nacionalista na sesión plenaria da noite do luns. O secretario reprochou ao rexedor que se escudase nel para defenderse dos partidos da oposición, neste caso do BNG. Xosé Tomé requiriu varias veces para que calase, momento no que os concelleiros da oposición abandonaron o salón de plenos e o alcalde deu por finalizada a sesión.

A provincia promocionouse en Vila Real

A provincia de Lugo promocionouse no Expocidades 2017, a feira turística que se celebrou na localidade lusa de Vila Real do 15 ao 17 de xuño. Expocidades foi un escaparate para dar a coñecer a diversidade turística lucense non só no país veciño, senón tamén de fóra xa que logo esta feira de turismo conta cuns 6.000 visitantes chegados de diferentes países de Europa.

Lugo ofreceu información

sobre destinos clave como son os Camiños de Santiago; as Reservas da Biosfera Terras do Miño e Ancares Lucenses, a Ribeira Sacra, A Mariña e a Terra Chá. Durante a fin de semana, realizáronse tamén de xeito paralelo outras actividades como degustación de produtos típicos de cada municipio, actuacións musicais e de teatro, proxección de documentais e encontros turísticos para profesionais do sector.



Tren turístico da Ribeira Sacra por Doade (Sober).

O primeiro Centro Integral de Saúde de Galicia estará en Lugo

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, anunciou a construción no barrio da Residencia en Lugo do primeiro Centro Integral de Saúde de Galicia, unha infraestrutura que concentrará nun mesmo edificio todos os servizos dunha sanidade pública de primeiro nivel: o Servizo de Saúde Mental, a base do 061, o Punto de Atención Continuada e un moderno centro de saúde. Cun investimento de máis de 7 millóns de euros e unha superficie de máis de 5.600 metros cadrados de actividade sanitaria, Feijóo precisou que os lucenses contarán co maior centro non hospitalario feito no Servizo Galego de Saúde nos últimos anos; o que suporá “un antes e un despois para este barrio e para Lugo”.

Nesta liña, incidiu en que, se a construción do Lucus Augusti foi un gran paso adiante na atención hospitalaria na provincia, esta nova obra suporá un enorme avance para a atención primaria. “Hoxe presentamos un novo impulso para o antigo Hospital Materno-Infantil; para a Sanidade pública lucense e para os comercios e os veciños da zona”, abundou, subliñando que

esta infraestrutura estará rematada a finais de 2019. Ao respecto, o presidente da Xunta afirmou que trasladar ao barrio o PAC que ata agora estaba en Fingoi supón un grande avance, ao facelo máis resolutivo e máis accesible, coa incorporación de servizos como o de radioloxía. Ademais, o espazo que se libera no centro de saúde de Fingoi permitirá aumentar as consultas de atención primaria deste centro e facelo máis cómodo para usuarios e traballadores.

Transformación

Así mesmo, esta nova infraestrutura acollerá parte dos servizos do Centro de saúde da Milagrosa, un dos máis concorridos de Lugo. “Os veciños e os traballadores disporán dunhas instalacións máis modernas, amplas e cómodas: cun novo servizo de fisioterapia, con melloras no servizo de odontoloxía e coa concentración de toda atención de obstetricia e xinecoloxía”, explicou, ao que engadiu que o proxecto deixa marxe para que este centro sanitario poida evolucionar, medrar e adaptarse ás novas demandas que poidan existir no futuro. Feijóo concluíu incidindo en que, con este novo



O titular do Goberno galego presidiu o acto de presentación do novo proxecto.

investimento, a sanidade lucense completará a enorme transformación que comezou en 2011 coa posta en funcionamento do Lucus Augusti.

Con esta infraestrutura sanitaria, a Xunta segue cumprindo os seus compromisos con Lugo. Un compromiso que converte Lugo

na provincia con maior investimento público por habitante de Galicia e que dotará, ademais, a cidade da Muralla dunha residencia da terceira idade.

No tocante ao barrio, Feijóo aseverou que o compromiso da Xunta non remata neste centro integral, senón que seguirá avan-

zando para poñer a disposición dos lucenses novos servizos. “E espero para iso, no mes de xullo, asinar co Ministerio de Emprego un acordo para transferir á comunidade autónoma todos os edificios que agora están en posesión da Tesourería da Seguridade Social para cambiarlles o uso”, adiantou.

O menhir “Marco da Pedra Longa” expone no centro de visitantes de Sober

O Concello de Sober recibiu o menhir Marco da Pedra Longa, que será rehabilitado no Centro de Recepción de Visitantes. A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia autorizou o cambio de depósito da peza arqueolóxica ubicada dende o ano 2002 no patio do Museo Provincial de Lugo. Os traballos de rehabilitación correrán a cargo de Pepe Barxa, restaurador, quen indica que nas próximas semanas se fará unha limpeza en profundidade da peza para a súa posterior colocación no espazo expositivo. Procederáse ao seu adecentamento retirando os musgos e líquenes que acumulou ao estar exposta no exterior.

Para esta concesión, dende Patrimonio tívose en conta “a proximidade co lugar do achado” (o lugar da Veiga, na parroquia soberina de Canabal) así como “as circunstancias que fan posible na súa nova ubicación, a súa adecuada conserva-

ción e a mellor función cultural e científica”. Dende o organismo autonómico sinalaron que o Centro de Recepción de Visitantes de Sober é un lugar idóneo para a nova ubicación do menhir, pois “reúne as condicións de conservación preventiva axeitadas para os materiais arqueolóxicos que garanten o cumprimento de todas as condicións necesarias para o depósito de este tipo de pezas”. Ademais poñen en valor que o Centro de Recepción de Visitantes “é un edificio de recente construción, aberto ao público con persoal de atención aos visitantes e orientación para as visitas turísticas”. E sinalan que “situado ao pé da Casa do Concello, conta cun horario accesible e regular durante todo o ano para a visita pública e medidas de seguridade para a co-



Os expertos aseguran que se trataría dun menhir do Neolítico.

recta custodia”.

O alcalde soberino, Luís Fernández Guitián, amosouse moi satisfeito do traslado desta peza “de enorme valor arqueolóxico” ao Concello soberino. E puxo en valor que “este men-

hir, sen dúbida, se converterá nun atractivo máis para os visitantes que acudan ao noso municipio”.

O menhir foi atopado polo arqueólogo Iván Álvarez Merayo durante as tarefas de control ar-

queolóxico das obras de mellora da vía férrea entre Monforte de Lemos e Canabal. Atopábase caído contra unha pequena canle de regadío no lugar da Veiga, parroquia de Canabal, en Sober. O menhir está realizado sobre unha pedra granítica alongada de sección xeral cuadrangular sen arestas. Mide 176 centímetros de longo e ten un diámetro de entre 110 centímetros na parte superior e 180 centímetros no corpo.

No momento no que se atopou estaba caído sobre unha canle de regadío, pero o propietario da parcela asegurou que a peza sempre estivo no lugar, fincada a poucos metros. Nesa zona localízase un linde de parroquias e tamén se atopa preto un límite de concellos, polo que a súa función final sería a de marco de adscripción medieval. E ao parecer, xa nos documentos antigos se sinalaba esta pedra como o límite entre as propiedades da Casa dos Andrade e a Casa de Tor ou da Bastida.

O PSdeG denuncia insalubridade na gardería infantil de Xinzo de Limia

O PSdeG-PSOE de Xinzo de Limia presentou un escrito no rexistro municipal esixindo que se proceda á limpeza e desinfección inmediata da gardería pública da vila ó constatar numerosos casos de cativos con picaduras de carracha e araña. Estas picaduras, segundo a información recabada, parecen provir tanto do interior do recinto, dependente do servizo de limpeza municipal, coma da súa contorna.

Hai tempo que o PSdeG constatou que no solar contiguo á área de xogo dos nenos e nenas se acumulaba a maleza e o lixo, sen que ninguén fíxese nada por subsanalo. Asimesmo no interior da escola hai teas de araña que non poden ser acadadas polo persoal que realiza a limpeza cotiá e que tiñan que ser eliminadas empregando medios especializados doutro tipo. Sen embargo, grupo de goberno do PP no fixo nada por atallar esta problemática, salvo cortar a herba do solar hai 15 días mais deixaron alí abandonados os restos, fomentando que se acumule a suciedade e que aparezan pragas. Os cativos afectados, examinados por médicos, presentan ronchas típicas de seren picados ou ben por carrachas, co cal se confirmaría a sospeita de que o solar e o areeiro no que xogan están inzados des-



Nenos afectados polas picaduras.

tes animais, ou ben por arañas, provintes do interior da gardería. Para os socialistas esta situación, sexa cal sexa a orixe, é absolutamente indignante.

Ante as reiteradas queixas dos pais e nais, Elvira Lama, portavoz socialista en Xinzo, explica que "esiximos que se proceda á limpeza inmediata das teas de araña do interior, algo que corresponde exclusivamente ó Concello, e que se adopten todas as medidas de desinfección que garantan a salubridade tanto para os nenos e nenas coma para os profesionais da gardería". "Tamén lle solicitamos a este goberno que se aseguren de que o entorno estea correctamente desinfectado e limpo, tanto os parterres coma as zonas axardinadas e o propio solar, posto que é obriga do concello", insiste Lama.

Para os socialistas é "intolerable" que o goberno do PP chegase a tal punto de desleixo que non sexa capaz de mandar recoller os restos das rozas no solar e permita que se poidan estender pragas de parásitos que ataquen ós nenos e nenas e consigan infestalos. Elvira Lama engade que "o mínimo que se lle pode pedir a un goberno municipal é que garanta o benestar en todos os servizos que dependen del, e este goberno non garante nin unhas mínimas condicións de limpeza para os cativos que van á gardería da Xunta". A portavoz socialista conclúe: "Chegamos a un momento que hai ata excrementos nas inmediacións, co perigo enorme que iso supón. Os pais e nais acudiron a nós desesperados, fartos de que non se escoiten as súas queixas ante unha situación intolerable".

O PSdeG reclama a licitación inmediata das obras do AVE entre Taboadela e Ourense

O PSdeG-PSOE reclama a licitación inmediata das obras do tren de alta velocidade entre Taboadela e Ourense, tras ser formulada e enviada o Boletín Oficial del Estado (BOE) a declaración de impacto ambiental (DIA) que aínda estaba pendente do subtramo Taboadela-Seixalvo. Os socialistas esixen que o PP se deixe de escusas baratas e se poña a licitar pois, unha vez formulada esta DIA, non hai ningún impedimento técnico que imposibilite a realización das obras destes 17 quilómetros de ferrocarril que o PP se empeña en adiar deliberadamente para aforrar e meter o tren de alta velocidade polo vello trazado que atravesa a terceira cidade de Galicia.

O pasado martes día 13 de xuño, a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental do Ministerio de Medio Ambiente formulou a DIA do tramo Taboadela-Seixalvo. O documento co número de expediente 20150129 xa foi enviado ó BOE e nos vindeiros días será publicitado, tal e como esixe a lexislación. Con este trámite quedan superadas todas as trabas que impedían licitar as necesarias obras que completarán a alta velocidade galega e que afectan á toda a provincia ourensá, xa que o tratarse dunha

DIA formulada sobre un proxecto construtivo, xa se pode proceder á licitación. O voceiro provincial do PSdeG-PSOE, Francisco Fraga, esixe ó PP que se deixe de "escusas baratas e se poña a licitar de inmediato as obras dos últimos 17 quilómetros da liña de alta velocidade entre Madrid e Galicia". Nos Orzamentos Xerais do Estado de 2017 que están a ser tramitados nas Cortes Xerais, o PP atrasa deliberadamente o inicio desta obra clave ata o ano 2019 ou 2020. "Agora xa non hai impedimentos para cumprir a palabra e o atraso deliberado que figura nos orzamentos é unha burda mentira para meter o AVE polo medio da cidade indefinidamente, recordando e marxinando a Ourense unha vez mais", advirte Fraga.

Os socialistas demandan a execución inmediata desta obra, outorgándolle a máxima prioridade administrativa, para evitar un novo agravio a Ourense, xa que o plan oculto do PP pasa por adiar este tramo do AVE sine die coa escusa da millonaria adaptación do vello trazado convencional, feito hai case sete décadas, que non foi nin deseñado nin construído para trens de alta velocidade e que, para colmo, inclúe unha ducia de curvas como a de Angrois impropias dunha liña de alta velocidade.



Manuel Carrete no castelo de Castro Caldelas en 2016.

Manoel Carrete tomou posesión como asesor de emigración da Deputación de Ourense unha área que pretende seguir poñendo máis en

Manoel Carrete asesor de emigración na Deputación

valor a importancia histórica, económica e social que tiveron os emigrantes ourensáns. Un dos proxectos nos que traballará Carrete será o Museo Galego da Emigración, que se ubicará no Pazo de Vilamarín. Este recinto mostrará o que foi a historia da emigración ourensá e galega con obxectos, relatos e recordos.

Manoel Carrete, avogado de profesión, non naceu no municipio de Quiroga, pero está ligado a este municipio lucense porque os seus pais si son orixinarios del e porque Carrete pasa longas temporadas nesta terra e traballa na diáspora "preocupándose por manter o pavillón dos galegos ben

alto, así como a súa cultura". Con estas palabras recibírono en outubro de 2014 no Concello de Quiroga onde lle entregaron o pergamiño e medalla de ouro do municipio.

Manoel Carrete foi presidente do Centro Galego de Barcelona e vicepresidente da Federación de Entidades Culturais Galegas de Cataluña e da Irmandade A Nosa Galiza de Mollet. Entre as súas publicacións figuran os libros sobre a emigración: Máis que nós, ninguén. 1892-2007 (2007), Centro Galego de Barcelona dende 1892 (2012), Os nosos devanceiros (2015) e Centro Galego de Barcelona. Conciencia de Galicia (2016).



Trazado do AVE no tramo Taboadela – Seixalvo (Ourense).

O fiscal, Florentino Delgado, pediu apertura de xuízo oral contra a muller que demandou ao presidente da Deputación

O BNG quere que o Parlamento galego reprobe e reclame o cesamento do fiscal xefe de Ourense

O fiscal xefe de Ourense, Florentino Delgado, pediu a apertura de xuízo oral contra a muller que demandou ao presidente do PP e da Deputación de Ourense, Xosé Manuel Baltar Blanco, por haberlle supostamente ofrecido un emprego no organismo provincial que entón presidía o seu pai Xosé Luís Baltar Pumar, a cambio de que mantivese relacións sexuais con el.

A petición do ministerio público prodúcese despois de que a xuíz instrutora que os imputaba a ambos (ademais da o pai e ao xefe de persoal da institución provincial) decretase o arquivo da causa. O fiscal Delgado basea a súa petición contra a demandante no auto de sobresemento no que a maxistrada recoñece que a muller tentou obter un emprego público obviando os requisitos legais. A instrutora considerou probado que Xosé Manuel Baltar Blanco comprometeuse tamén pola súa banda "a facer o posible" para que a muller obtivese o emprego "sen cumprir os requisitos legais". O ministerio público mantense na súa posición inicial de exculpar a Baltar Blanco.

O fiscal xefe de Ourense fai a súa petición despois de que a acusación popular, exercida pola partido Democracia Ourensá (DO), con dous deputados na corporación provincial, recorrese o sobresemento no que respecta aos delitos de tráfico de influencias e suborno imputados a Manuel Baltar á vista de que a maxistrada consideraba no auto de sobresemento que o presidente "solicita ou polo menos acepta" da demandante "un favor de natureza sexual para realizar no exercicio do seu cargo unha acción ou omisión" tendente ao nomeamento da muller para desempeñar un emprego público sen cumprir os requisitos legais.

A instrutora sinalaba ademais que Manuel Baltar "comprometíase a facer o posible" para ese fin. "Despois de botar a todos estes imos facer unha historia de servizos sociais; eu vouche a solucionar o problema", sostén nesas gravacións Xosé Manuel Baltar Blanco cando a muller reclámalle a

"axuda que me prometiches". "Esa promesa vai a misa", asegura o presidente da Deputación nesa conservación que a xuíz recolle no auto de sobresemento.

O fiscal Delgado apóiase nese mesmo argumento para dar a volta á situación inicial e converter en acusada á denunciante no caso de que se acepte o recurso. O ministerio público sostén que as gravacións ás que dá credibilidade a instrutora e nas que se basea a apelación de DO evidencian que a muller "reiterou a súa petición ilícita en distintos contactos" que mantivo con pai e fillo utilizando como elemento de presión esa relación sexual "inventada ou real" que, precisa, "non podería constituír en si mesma un ilícito penal". Entende o fiscal xefe que ambos os dirixentes políticos sentiron presionados pola muller (militante do PP e extrabadora eventual da Deputación) "para realizar un acto ilegal, aínda que non realizaron ningunha acción tendente á consecución do desexo da investigada".

BNG

A deputada nacionalista Noa Presas considerou de "gravidade extrema" a "operación de persecución política" debido á apertura de xuízo oral contra a muller que denunciou a Manuel Baltar. O Bloque Nacionalista Galego esixiu o cesamento do fiscal xefe de Ourense, Florentino Delgado, por "perseguir ás vítimas" despois de que solicitase a apertura dun xuízo oral por un delito de coaccións contra Teresa F.C, a muller que denunciou ao presidente da Deputación Manuel Baltar, por ofrecerlle supostamente un posto de traballo a cambio de manter relacións sexuais. Noa Presas di que "é un escándalo que pon aínda máis en dúbida unha xustiza que persegue ás vítimas de violencia machista en lugar de protexelas". A parlamentaria nacionalista asegurou que o acoso sexual é "un delito e unha forma de violencia machista" recollida na Lei galega. Por iso, asegurou que "de ir para adiante esta operación de acoso e derriba da muller que denunciou a Baltar", na súa opinión, incorreríase "nun erro gravísimo" que "senta un pre-



Teresa Fernández Cruz e Xosé Manuel Baltar Blanco entrando no xulgado de Instrucción número 3 de Ourense o 15 de marzo de 2016.

cedente de desamparo e inseguridade" para todas as mulleres que nalgún momento sexan agredidas e tomen a decisión de denunciálo. "Este feito demostra que en Ourense non hai separación de poderes e a actuación do fiscal xefe lanza unha mensaxe a todas as mulleres: o baltarismo e o machismo son intocables e por iso, o fiscal, Florentino Delgado, debe ser apartado inmediatamente do seu cargo", manifestou.

Marcha Mundial das Mulleres

O argumento da Fiscalía foi tachado de "machista" pola coordinadora local da Marcha Mundial das Mulleres. O colectivo feminista sostén que, coa súa decisión, o fiscal xefe de Ourense "non só demostra estar ao servizo da xustiza machista senón do PP e da saga Baltar" a cuxos integrantes define como "auténticos padriños da mafia provincial que estende as súas tentáculos ata a propia Fiscalía". O colectivo reclama que se aparte o fiscal xefe de Ourense do seu cargo e investigúese a súa relación co PP. O ministerio público, sostén esta coordinadora, "está para defendernos, non para criminalizarnos".

Democracia Ourensana

Gonzalo Pérez Jácome, líder de Democracia Ourensana, ironizou respecto diso. "O mundo ao revés; parece que os paxaros disparan ás escopetas", sostén tras puntualizar que a cuarta entrega do Padriño "rodarase en Ourense".

Piden a dimisión

Diferentes formacións políticas pediron a dimisión do fiscal xefe de Ourense, Florentino Delgado, por "pretender culpabilizar" á muller que denunciou ao presidente da Deputación provincial, Xosé Manuel Baltar Blanco, por ofrecerlle supostamente un posto de traballo a cambio de sexo.

En Marea pide a súa dimisión "pola súa intolerable actuación" ao "perseguir á vítima do presidente da Deputación de Ourense" cando, segundo explica, "o propio auto da xuiza asegura que quedan probadas as actitudes vexatorias e humillantes cara á vítima".

Para a deputada de En Marea, Paula Quinteiro, trátase de "unha proba máis do grave problema de machismo na sociedade" que, ao seu xuízo, "refléctese en comportamentos como do fiscal Florentino Delgado". "Quen debería defender á vítima colócase ao lado do agresor non só deixando indefensa á muller senón que vai máis aló e pretende impulsar unha carzúa contra ela culpabilizando á vítima do sucedido".

Ao Parlamento

A portavoz nacional do BNG, Ana Pontón, tachou de "auténtico escándalo" que o fiscal pida a apertura dun xuízo oral por un delito de coaccións contra a muller que denunciou a Baltar. "Estamos a ver como unha muller que denuncia un caso claro de acoso sexual de violencia de xénero,

porque todos podemos escoitar as gravacións, agora a Fiscalía no canto de perseguir aos agresoresponse ao lado destes", dixo. Ana Pontón indicou que "o feito de que a persoa denunciada sexa o señor Baltar explica a situación de absoluto disparate". "O fiscal xefe de Ourense o que acaba de demostrar é que é o Moix de Galicia", aseverou. Ante unha situación tan grave "non imos quedar cos brazos cruzados porque sabemos os vínculos que hai en moitos casos entre o Poder Xudicial e o Partido Popular". "Por iso imos pedir que o Parlamento de Galicia reprobe e reclame o cesamento do fiscal xefe de Ourense, porque é intolerable a situación que estamos a vivir", concluíu. "Non imos calar ante un intento claro de amedrentar ás persoas que denuncian o caciquismo e abusos da familia Baltar", sentenciou.

Ourense en Común sumouse á petición de dimisión "inmediata por culpabilizar á vítima do caso Baltar". Así, reproba o "vergoñoso exercicio de violencia machista" e alerta "sobre o sector escuro que se move ao redor de Baltar nas estruturas de poder da provincia".

Mentres, a Asociación Feminista Falando Nós expresa a súa "máxima repulsa" despois de que a muller "moi valientemente" decidíse "a denunciar a representantes do poder política da provincia por uns feitos que ben lembran aos tempos medievais".

Novas das empresas

Redacción OURENSE

Catro novas acreditacións de calidade para El Carmen

Centro Médico El Carmen, de Ourense, acaba de obter catro novas acreditacións de calidade. Trátase das ISO 9001:2015, ISO 14001:2015, OHSAS 18001:2007 e UNE 179003:2013, que se unen a outras que xa tiña como a EFQM 400+ ou a Q de Calidade Turística. Desta forma, o hospital privado é un dos centros de referencia en calidade asistencial e sanitaria en Galicia. De feito, nun recente estudo elaborado por unha consultora independente, concluíuse que un 90,8% dos pacientes afirmaba sentirse “seguro con respecto á atención recibida (información, participa-

ción nas decisións, aclaración de dúbidas, control da dor)”. “A calidade é unha das principais prioridades do noso hospital e é un dos alicerces da nosa estratexia”, afirma Carlos Rodríguez Morante, xerente do centro.

Novas acreditacións

UNE 179003:2013: certificación específica para o sistema sanitario, acredita a seguridade para o paciente na súa estancia no hospital. A norma está orientada a desenvolver procesos para: reducir a probabilidade de aparición de fallos no sistema, evitar os erros das persoas, aumentar a probabilidade de detectar os erros cando ocorren e

mitigar as consecuencias de os fallos cando ocorran.

ISO 9001:2015: certifica o sistema de xestión dentro do hospital e confirma o compromiso coa excelencia. Particularmente, acredita os seguintes aspectos: toma de decisións baseada na análise de datos, xestión orientada ao paciente, relacións equilibradas entre a empresa e os seus provedores, persoas líderes, persoas comprometidas e participativas, modelo de xestión baseado en procesos, planificación de os procesos como un sistema interrelacionado e a mellora continua como obxectivo.



Unha habitación do Centro Médico El Carmen.

ISO 14001:2015: asegura a completa integración da xestión ambiental coas estratexias de negocio, polo que acredita ao hospital como organización respectuosa co medio ambiente, capaz de ser sustenta-

ble á vez que rendible.

OSHAS 18001:2007: acredita unha xestión ordenada da prevención de riscos laborais para conseguir un mellor clima laboral e o incremento da produtividade.



O establecemento galego recentemente estreado.

Pulpería A Feira abriu La Llorea Golf, en Xixón

A empresa ourensá A Feira Galega abriu o 30 de xuño pasado un novo local: A Feira La Llorea Golf, a sete quilómetros de Xixón. Tamén en xuño, pero do ano pasado, abriu o establecemento A Feira, pulpería e taberna galega situada na rúa do Forno 3 de Xixón, onde se pode gozar do mellor polbo á feira de elaboración propia coa garantía de Paco Gómez, afamado pulpeiro de Carballiño galardoado como

mellor pulpeiro de Galicia en 2015.

Esta é a cuarta pulpería da franquía A Feira que existe en Asturias. A primeira foi a situada na praza do Carbayón de Oviedo e que está a cultivar un gran éxito de críticas e público e lle seguiu a da rúa San Bernardo 23 de Xixón.

Combinan nas pulperías A Feira o mellor sabor de Galicia cun espazo actual, elegante, có-

modo e agradable e uns prezos axustados que fan que esta fórmula teña unha gran acollida. Todo iso conseguido grazas a un excelente grupo de profesionais á fronte dos que se atopan Paco Gómez e Miguel de Deus, afamado restaurador asturiano con preto dunha decena de establecementos hostaleiros no Principado como O Bodegón de Teatinos, La Posada de Overo e No te Cortes con el Jamón.

Primeira feira do bebé en Expourense

Reunir nun só espazo os produtos e servizos que precisa un bebé e os seus proxenitores, cubrindo as necesidades dende o propio embarazo ata chegar á idade escolar (3 anos). Este é o obxectivo de BebeGa a primeira Feira do Bebé de Galicia que se celebrará en Expourense a fin de semana do 14 e 15 de outubro e que pretende converterse no espazo especializado de referencia tanto para as empresas do sector como para as familias, xa que na actualidade non se celebra na nosa comunidade ningunha feira destas características.

En BebeGa teñen cabida sectores como a nutrición, puericultura, roupa, calzado, fisioterapia para mamás e bebés, servizos médicos pediátricos, seguridade, hixiene, educación, mobiliario, electrodomésticos, viaxes dirixidas ás familias, organizadores de actividades de lecer e tempo libre, animación infantil, servizos de axuda á lactancia, clases preparto e postparto, etc. Contará cun programa paralelo composto por actividades complementarias como charlas sobre o embarazo e o parto, lactancia, primeiros coidados e estimulación.

Tamén haberá espazos dirixidos ao entretemento dos máis pequenos. BebeGa coincidirá con Celebra, salón de vodas, bautizos, comuñóns e actos sociais que cumpre xa 18 edicións presentando todo o necesario para organizar calquera evento familiar ou empresarial. O comité asesor xa está a preparar a pasarela de moda nupcial e festa que adoita ser o punto forte desta cita á que acoden cada ano máis de 5.000 persoas, a meirande parte delas público obxectivo que busca asesoramento para un evento.



A oposición considera nefasta a actuación do alcalde durante dous anos

A valoración que fan os tres grupos da oposición no Concello de Ourense (Democracia Ourensana, PSOE e Ourense en Común) sobre os dous anos de goberno do PP, é de "nefasta" ademais de reiterar a petición de dimisión do alcalde, Jesús Vázquez, que aprobaran, a iniciativa de Democracia Ourensana, co apoio dos socialistas, pero que non é vinculante.

O portavoz de D.O, Gonzalo Pérez Jácome, esgrime que "o que non é medible non é opinable", e denuncia a "inacción" do goberno popular, e sinala que "non hai nada que criticar", para volver presentar unha "lista da súa indolencia, que se concreta nos 25 "atrasos" en temas de interese para a cidade como os orzamentos municipais, o PXOM ou a aprobación da Relación de Postos de Traballo (RPT) no Concello, e "sen mencionar a chapuza que está a facer coa estación intermodal". Sostén Jácome que non se imaxinaban "que o alcalde fóra tan indolente. Habería que poñerlle un cero porque non conseguiu investimentos de calado por parte da Xunta e ten unha lista case interminable de temas postergados". E lembra a Jesús Vázquez que foi "reprobado" no seu momento por estas cuestións, sen que durante os dous anos "fixese nada".

PSOE

José Ángel Vázquez Barqueiro, portavoz do grupo Socialista, afirmou con rotundidade que nos dous anos de mandato do PP foron "o



Jesús Vázquez, alcalde do P.P.

peor goberno que tivo a cidade na Democracia" e o seu alcalde "pasará á historia" como "o peor dos últimos 40 anos", polo que asegura é "unha xestión lamentable." O portavoz socialista sinala como argumentos a ausencia dun Plan de Urbanismo, que en dous anos non se aprobasen uns orzamentos, e que o "paso de tres concelleiras" pola área de Comercio non serviu para resolver os "problemas graves que existen", e cita o que acontece coas prazas de abastos: a da Ponche pechada desde hai máis de dous anos e a central con risco de perder fondos europeos para a súa remodelación. Barqueiro acusa o alcalde de "traballar no seu propio beneficio" coa vista posta en "o seu futuro político dentro do PP.". E recrimínalle a súa "obsesión" coa "propaganda de fotos e selfies".

Ourense en Común

O portavoz de Ourense en Común, Martiño Xosé Vázquez, asegura que estamos ante "dous anos de desgoberno" debido a "nula capacidade de xestión" do alcalde Jesús Vázquez, e estar convencido de que "a xestión municipal deséñase desde o despacho do presidente Manuel Baltar na Deputación".

Alumno

O grupo socialista publicou un boletín de notas sobre o "alumno Partido Popular do Concello de Ourense", relativo ao 1º e 2º curso de nivel elemental, período 2015-2017, referido ao alcalde e aos 9 concelleiros "populares". Vázquez Barqueiro, profesor universitario, deu un "suspenseo xeneralizado" a todo o grupo de goberno e ao alcalde, aínda que con diferentes notas, algunhas asinadas antes de

que se producisen acontecementos que lle fixeron cambiar. É o caso de Jorge Pumar, que cos seus suspenso recomendábanlle "necesita mellorar", pero no pasado pleno apoiaron a iniciativa de D.O pedindo a súa dimisión por considerarlle responsable da perda dunha subvención de fondos europeos de 15 millóns. Da cualificación de "moi deficiente con dimisión engadida" sálvanse o edil de Deportes, Mario Guede e o de Seguridade e Participación Cidadá, Carlos Campos. O resto, incluído o alcalde, na lista de moi deficiente están: Xosé Cuideiro, de Urbanismo; Ana Morenza, de Facenda; Flora Moure, de Persoal; Belén Igrexas, de Cultura; José Araujo, de Infraestruturas e portavoz, pero sobre todo, Sofía Godoy: "a peor edil de Servizos Sociais de todos os tempos".



Gonzalo Pérez Jácome, D.O.



José Ángel Vázquez Barqueiro, PSOE



Martiño Xosé Vázquez, O.C.



Losca
Sala de Fiestas Music-Hall
C/ Ervedelo, 15 - ourense
☎ 988 23 44 99 - 698 14 82 07

**VEN...
TOMATE
ESTA CAÑA**



4€

cerramos los domingos

Haberá un curso básico de termalismo na Semana Termatalia

Negocio e capacitación profesional. Estes son os dous grandes eixos sobre os que virará Termatalia 2017, Feira Internacional de Turismo Termal, Saúde e Benestar, que celebrará unha edición exclusivamente profesional en Ourense entre o 21 e o 22 de setembro e na que se espera que participen máis de 30 países de América Latina e Eurasia. Para definir as accións de negocio e formación da feira, o comité asesor de Termatalia celebrou unha reunión en Expourense na que participaron 25 expertos en turismo de saúde desde distintos ámbitos.

Centro de Negocios

Una das principais accións de negocio volverá ser a Bolsa de Contratación Turística, que este ano estará orientada á presentación de produtos turísticos innovadores e con paquetes enfocados directamente ás canles comerciais. Un destes produtos destacados será o termalismo deportivo.

Outra das accións profesionais será o Encontro de Políticas Públicas de Termalismo que estará centrado no termalismo social en España e ao que acudirán responsables da admi-

nistración de distintos países que queren profundar o seu coñecemento sobre cómo funcionan estes programas cunha traxectoria contrastada no noso país.

Nesta edición poñeranse en marcha novas accións dirixidas ao canle comerciante polo miúdo. Coa colaboración de Balnearios de Galicia, o clúster de Turismo de Galicia e a Confederación Española de Axencias de Viaxes (CEAV), organizarase unha xornada formativa dirixida ás axencias de viaxes de España para que coñezan o produto termal dos destinos presentes en feira, facendo especial fincapé nos galegos.

Formación

Polo que respecta á formación, seguirá estando moi presente en Termatalia a través do seu programa académico denominado Encontro Internacional sobre Auga e Saúde que celebra xa a súa 12ª edición e que incluírá un encontro de cidades termais, unha sesión dedicada á Hidroloxía Médica e outra á comercialización turística do sector. Este ano, como novidade, inclúese un encontro de Dirección e Xestión de Wellness no que se espera que participen di-

rectivos de centros de distintos países.

Semana Termatalia

Durante esta reunión presentouse a estrutura da denominada Semana Termatalia, xa que, aínda que a feira celébrase xoves e venres, organizáronse accións dirixidas aos profesionais que cobren desde o luns 18 de setembro ata o sábado 23. Estas actividades están especialmente dirixidas ás delegacións internacionais de profesionais que van participar na feira. O obxectivo é que poidan optimizar a súa viaxe e realizar cursos de capacitación, asistir ao Symposium científico, e as rutas termais que permitirán visitar in situ centros de Galicia e Portugal.

As actividades desta semana inclúen un Curso Básico de Termalismo que ofrece catro módulos formativos diferentes que abordarán temáticas como a Planificación do Destino Termal; Peloides e Cosmética Termal; Iniciación á Hidroloxía Médica e Técnicas Hidrotermales e Integración do centro termal ou talaso en ou centro wellness. Inclúen sesións teóricas a cargo de reputados profesionais galegos e incluí-



Reunión en Expourense do comité asesor de Termatalia 2017.

rán sesións prácticas en centros termais e de talasoterapia de Galicia ou visitas á ruta termal da Eurocidade Chaves Verín. Estas accións constitúen unha verdadeira oportunidade para recibir formación moi especializada baseada no know-how.

O día 20 comeza en Expourense o II Symposium Internacional sobre Termalismo e Calidade de Vida organizado polo Campus da Auga da Universidade de Vigo. Este evento convocará a numerosos investigadores que presentarán os seus traballos máis recentes aplica-

dos a este campo.

A Semana Termatalia concluirá o sábado 23 de setembro coas Rutas Termais. A presenza en Ourense de delegacións profesionais de máis de 30 países converterá á cidade en capital termal mundial os días da feira. Estes profesionais realizarán tamén rutas por Galicia para coñecer a oferta de benestar da contorna. Espérase a visita á feira de numerosos profesionais do turismo de saúde do veciño Portugal, xa que Termatalia é a súa feira de referencia para promocionarse como país cun enorme potencial termal.

Primeira reunión do comité asesor de Sportur Galicia

Expourense acolleu a primeira reunión do comité asesor de Sportur Galicia, o I Salón do Deporte e Turismo Activo que se celebrará no recinto feiral ourensán os días 17, 18 e 19 de novembro, coincidindo coa celebración da Carreira Popular de San Martiño. A secretaria xeral para o Deporte, Marta Míguez; a directora de Promoción da Axencia Galega de Turismo, Carmen Pita, e o director xerente de Expourense, Alejandro Rubín, conduciron este encontro no que foi presentado o proxecto a unha quincena de representantes relacionados co turismo e bo deporte de entidades públicas e privadas, empresas e federacións deportivas de toda Galicia que estean vencelladas a produtos turísticos.

Os principais obxectivos desta cita son: dar a coñecer Galicia como destino activo e saudable e promocionar a multitude de opcións que esta comunidade ofrece para os afeccionados ao deporte e ás actividades ó aire libre animando ao mesmo tempo aos propios galegos a practicalas. Foilles presentada ademais a estrutura da feira onde terán cabida dende destinos locais ou internacionais ou outras entidades que queiran promocionar os seus recursos vencellados a este sector (rutas de sendeirismo ou acuáticas, instalacións deportivas, carreiras, andainas, etc.), ata empresas de equipamentos para o deporte e a aventura ou especializadas na venda de paquetes turísticos que inclúan actividades deste tipo.

Haberá tamén un espazo adicado ás distintas asociacións e federacións deportivas de Galicia para que poidan promocionar as actividades que organizan. Forman parte deste comité as federacións galegas de deportes como as actividades subacuáticas, os deportes de inverno, caza e pesca e casting, golf, piragüismo, remo, surf, espeleoloxía, vela e montañismo.

Tamén forman parte deste comité a concellería de Deportes de Ourense, o INORDE, a Universidade de Vigo-Campus de Ourense, o Cluster de Turismo de Galicia, a Estación de Inverno Manzaneda, o Grupo Caldaria, a asociación de empresas concesionarias de portos deportivos Marinas de Galicia, a Federación de Veciños Limiar e



Cada membro do comité comprometeuse a organizar actividades para realizar durante Sportur Galicia.

a Federación Galega de Turismo Rural "FEGATUR".

Durante esta reunión tamén lles foi explicado aos membros do comité que o espazo expositivo deste salón estará complementado coa organización de actividades paralelas como seminarios e charlas especializadas (preparación física,

prevención de lesións deportivas, nutrición, xestión de infraestruturas deportivas, ...), presentación dos destinos turísticos participantes nesta cita, exhibicións deportivas, etc. No ámbito profesional, organizaranse accións de networking entre empresas e potenciais compradores.

Termatalia celebrou o Día Mundial do Benestar



Acto celebrado na contorna das fontes termais As Burgas.

Ourense sumouse á celebración do Día Mundial do Benestar cun acto que reuniu na piscina das Burgas a distintos representantes institucionais, empresariais e sociais. Estivo organizado por Termatalia e contou coa colaboración do Concello. O obxectivo deste encontro foi situar a Ourense como un destino saudable e de benestar. Termatalia, Feira Internacional de Turismo Termal, Saúde e Benestar, conta unha rede estratéxica internacional na que se inclúen moitas das entidades que promoven o turismo de saúde a nivel mundial xa que un dos obxectivos de Termatalia é fomentar un estilo de vida saudable e un turismo de calidade respectuoso co medio natural. Ourense celebrou este día para promocionarse como destino saudable, un concepto que vai máis aló do seu potencial termal e que inclúe tamén os seus recursos naturais e unha gastronomía de calidade con moitos produtos “quilómetro cero” producidos, transformados e comercializados na provincia.

O Día Mundial do Benestar é un evento que transcende fronteiras; celébrase a nivel global o segundo sábado de cada mes de xuño; na actualidade máis de 74 países xa teñen unha participación activa. O fin desta xornada de reflexión é impulsar o benestar e fomentar un estilo de vida saudable. Con esta iniciativa, búscase crear conciencia social sobre as consecuencias e a importancia que teñen a prevención e o benestar na saúde das persoas.

A primeira celebración tivo lugar en Turquía no ano 2012 e aquilo que naceu como un pequeno evento local, en tan só cinco anos, converteuse nunha celebración de magnitude global. Hoxe máis de 600 emplacements xa alcanzaron a máis de 100 millóns de persoas. E o movemento segue crescendo. As actividades que promove esta celebración son: camiñar unha hora ao día, levar unha vida respectuosa co medio natural, beber moita auga, elaborar un menú diario san e con produtos frescos e locais, pasar tempo coa familia e durmir un mínimo de oito horas.

Once expertos de España e Suíza promoven en Expourense a edificación sostible

“Que a edificación teña que ser sostible é algo evidente e chegará o momento no que sexa ata redundante calificala así, pero aínda queda moito por facer”. Esta declaración do arquitecto catalán Jordi París de Pich Architects resume boa parte das ideas defendidas durante o XI Simposio Internacional sobre Enerxías Renovables celebrada en Expourense e que nesta ocasión estivo adicada á aplicación da eficiencia enerxética á arquitectura e á edificación. Un cento de profesionais destes sectores asistiron a esta xornada que reuniu a once expertos de España e Suíza entre os que se atopaba César Portela, Premio Nacional de Arquitectura, ou Óscar Martínez, o consultor de enxeñería ao que acoden os grandes arquitectos internacionais cada vez que queren facer unha obra en España.

Este simposio analizou o concepto de “arquitectura sostible” que inclúe dende os materiais que se utilizan na edificación (de kilómetros cero, con materiais locais) ata o estudo pormenorizado do clima existente no lugar onde se vai construír o edificio. Baixo a máxima de “producir o máximo empregando o mínimo” os relatores impartiron as ponencias incluíndo exemplos prácticos de edificios e instalacións realizadas por todo o Mundo que puxeron en valor o papel que xoga a arquitectura na construción de edificios autosostibles que consomen unha enerxía próxima a cero. Un deles foi César Portela, que presentou as vantaxes do uso da madeira en edificacións, poñendo como exemplos obras realizadas por el en España e no Xapón e defendeu a importancia tando calidade da materia prima como das mans que a traballan.

Relatores

O primeiro relator deste sim-



Cen profesionais asistiron a xornada sobre enerxías renovables.

posio foi o catedrático de Construción e Tecnoloxía Arquitectónica da Escola Técnica Superior de Arquitectura de Madrid, Javier Neila, que é a gran referencia en Europa á hora de falar de arquitectura bioclimática. O seguinte relator foi o representante de Pich-Aguilera Architects de Barcelona, empresa precursora a nivel mundial do concepto de “arquitectura sostible” e en aplicar o respecto ao Medio Ambiente nas súas obras. O delegado en Galicia de Gas Natural, Fernando Campos, explicou as “Tecnoloxías que emprega Gas Natural. O mellor socio para o desenvolvemento das enerxías renovables”. Falou das vantaxes do gas natural como a mellor enerxía para hibridarse coas fontes renovables transformándoa, por exemplo, en biogas ou biometano. Óscar Martínez, enxeñeiro consultor, presentou “a solución xeotérmica na integración arquitectónica de edificios emblemáticos” presentando varios casos prácticos como o edificio Canalejas, ubicado no centro de Madrid. A sesión de tarde comezou coas ponencias dos representantes de Suíza que representan ao estudio Chiché Architects, unha das principais referencias europeas no sector da

eficiencia enerxética e autores do libro “Concepto enerxético na arquitectura”, que se converteu na guía de deseño a seguir polos profesionais do sector.

O arquitecto catalán Joan Lluís Casajuana, autor da rehabilitación arquitectónica e enerxética da Residencia Infantil Joan Riu, sirve de referencia para os profesionais do sector. Pola súa parte o enxeñeiro vasco Ricardo García San José, falou sobre os “Parámetros clave na eficiencia enerxética dos edificios, leccións aprendidas”.

O consultor cántabro David Rodríguez falou sobre “Edificios conectados para a mellora da eficiencia enerxética” e presentou novos sistemas de monitorización e sensorización para controlar o consumo de enerxía no fogar ou una empresa. O último dos relatores foi Manuel García Álvarez, xerente de Magaral Ingeniería (A Coruña) que presentou o caso práctico da rehabilitación como eficiente do edificio Parque de Ourense (antigo Hotel Parque). O 65% da enerxía que vai consumir ese edificio procede da xeotermia que abastecerá os sistemas de calefacción, auga quente e refrigeración.

Guía Gastronómica

Redacción OURENSE

Pinchos da miña terra en Celanova



Interior da Taberna Casa Berta, local con máis de cen anos de historia.

Un total de 23 bares e restaurantes de Celanova, Vilanova dos Infantes y Vilaflor (Ramirás) participaron na V edición do concurso gastronómico "Pinchos da miña Terra". Os clientes disfrutaron dunha variada oferta culinaria con propostas que oscilaron entre os 1,5 e 2 €. Tapería Gaia recibiu o primeiro premio, seguido por café Nuevo Sol e Casa Berta, segundo e terceiro, respectivamente. A taberna Casa Berta abriu en novembro de 2014 nun establecemento que desde 1908 estivo adicado a almacén de teas. Conserva mostrador e estanterías de madeira e non dispón de televisor nin de

máquinas chupa cartos. O café é de pota, o viño de varias adegas e os pinchos e tapas abundantes e moi variados. Especialidade en carrilleiras e sobremesas caseñas. Recibiu o terceiro premio no concurso de pinchos por ofrecer "Teralito": pechuga de polo con salsa de queixos. Casa Berta pecha os luns y abre de 11,00 a 15,30 e de 19,30 a 22,00 horas. Vísperas de festivos, venres e sábado pecha hora e media máis tarde. A taberna dispón de instrumentos musicais (guitarra, acordeón, pandeireta, clave cubana...) para uso dos clientes. Para o 16 de xullo preparan a festa mariñeira.



Rúa Viriato, 7. Casco Vello - OURENSE



Praza Cervantes, 2. Tfno 626 691 030
Facebook: CasAberla. CELANOVA.

San Campio e San Xoán

O restaurante San Campio atópase a escasos metros da Estación de tren de Ourense, nunha localización tranquila e próxima ao centro da cidade. Conta cun xeneroso menú diario con elaboracións especiais do cociñeiro, ademais dunha carta variada que ofrece a cociña tradicional galega. Todo

iso con produtos de primeira calidade e prezos moi atractivos (de 9 a 12 euros). O ambiente é familiar e o trato atento e amable. Conta con zona bar, salón comedor climatizado, salón de eventos, conexión WIFI, Canle + bar. O día de san Xoán o dono convidou ós clientes a sardiñas asadas.



Tapa refrescante Ribeira Sacra

O aperitivo refrescante deste verán en Ourense é a tapa Ribeira Sacra. Está composta de tomate de Viñoás (Nogueira de Ramuín), viño Mencía de Adega Vella (A Teixeira) e

aceite Galán (Parada de Sil) e a ofrecen en bar Fuente fría do casco vello ourensá. Os tomates da parroquia de Santa María de Viñoás son da horta de Pepe Callos, propietario do establecemento.



Rúa San Rosendo, 18 • Ourense • 988 61 15 16 / 658 855 735

Ponteareas logra financiación para crear o parque forestal da Picaraña

A subvención da Deputación tamén mellorará á área forestal de San Cibrán-Muíños de Couso e o Plan do parque Viveiro-Seixiforma

A Deputación de Pontevedra ven de publicar ás solicitudes de subvención para a creación de Parques Forestais en terreos de montes veciñais en man común entre as que se atopan as solicitudes presentadas polo goberno municipal de Ponteareas por un importe total de 124.133,78, solicitudes que previsiblemente recibirán unha axuda de máis de 99.000 euros, o 80% do total, nesta primeira convocatoria de achegas da Deputación.

Esta actuación é consecuencia do compromiso do alcalde, Xosé Represas, e do concelleiro de Medio Rural, Manuel Troncoso, de converter A Picaraña nun gran parque forestal. Á financiación da Deputación o goberno local terá que sumar unha aportación do vinte por cento do importe total do primeiro plan de actuacións.

O Concello de Ponteareas xa dera no pasado ano, coa aprobación en Pleno dun convenio de colaboración as Comunidades de Montes Veciñais en Man Común de Ponteareas, Arcos, Bugarín e San Lourenzo de Oliveira, o primeiro paso para recuperar A Picaraña a nivel medioambiental, convertíndoo nun lugar de referencia para o ocio e o esparci-



mento do ponteareáns, pondo en valor os elementos culturais e naturais dentro da oferta turística de Ponteareas.

O goberno local tamén prevé mellorar os espazos de lecer nas áreas forestais, en colaboración coas Comunidades de Montes, e neste sentido logrou tamén axuda da Deputación para mellorar á área forestal de San Cibrán-Muíños de Couso, nos montes veciñais de Guláns e Couso, e para financiar o Plan do parque forestal Viveiro-Seixiforma nos montes veciñais de Ribadetea e Xinzo

Represas manifestou que estas iniciativas irá en beneficio de todos, “dos veciños destas parroquias e tamén da veci-

ñanza en xeral” e que nos vindeiros anos tratará de incorporar outros espazos de parques forestais nas diferentes comunidades de montes.

A Picaraña

Na actualidade A Picaraña dispón de dúas rutas de sendeirismo homologadas, varias pistas de descenso de BTT, varias áreas recreativas así como elementos de atractivo turístico como a Pedra do Equilibrio e, nas proximidades, o Penedo dos Namorados, ademais de varios xacementos castrexos. Algunhas comunidades como a de Arcos teñen proxectos xa elaborados para actuacións arqueolóxicas, creación dunha senda micolóxica ou a habilitación dunha zona de escalada

O PP volve a esixir á Deputación que limpe as súas estradas en Ponteareas

Un ano máis, o Grupo Municipal do Partido Popular de Ponteareas faise eco das denuncias que lles transmiten os veciños que viven ao pé das estradas de competencia provincial que discorren polo termo municipal de Ponteareas, salientan que no que vai de ano non se limparan nin rozaran os beirarrúas e noiros destas estradas, pondo en perigo a circulación dos automóviles, xa que as silvas e as ramas das árbores invaden a calzada, polo que os vehículos vense obrigados a circular polo centro da estrada e ao non rozar o mato, a maleza tapa os sinais verticais, pondo en perigo a circulación; ademais nas zonas máis boscosas e de monte provoca que se poidan producir lumes.

Segundo o PP os veciños teñen que andar pola propia calzada, e para evitar males maiores, en determinadas zonas, puxéronse de acordo e eles mesmos tiveron que desbrozar as beirarrúas, para na medida do posible evitar posibles accidentes.

Tamén queren recordarlle ao Alcalde, Xosé Represas, que cando estaba na oposición esixía a urbanización da estrada provincial CP9003 que vai desde Areas a Alxén, agora xa non se lle pide que urbanice os tramos urbanos desta estrada, que tamén, pero a lo menos que limpen e rocen os beirarrúas para que as persoas poidan camiñar e os vehículos circular e así tamén loitar contra os incendios e as súas posibles consecuencias.



A Confederación Miño-Sil quiere privatizar as traídas de augas veciñais



O BNG denuncia no Parlamento que a Confederación Hidrográfica Miño-Sil está vetando a renovación das concesións de traídas de augas veciñas desestimando as peticións das distintas comunidades o que, para a formación nacionalista, agocha un claro intento de

privatizar este servizo que existe precisamente polo esforzo das comunidades.

Ante esta situación, a deputada por Pontevedra Montse Prado presentou unha batería de iniciativas na Cámara nas que reclama á Xunta modificacións lexislativas para garantir a renovación destas

concesións, “froito e exemplo do compromiso veciñal, do seu traballo e achega económica, un esforzo comunitario para ter un servizo que a Administración non facilitaba”, indica na proposición non de lei rexistrada no Parlamento para o seu debate.

Prado, recolle os “múltiples atrancos” que a Confederación Hidrográfica Miño-Sil está a poñer a diversas comunidades de montes, en particular no Baixo Miño, ao longo dos últimos meses que conclúen coa negativa á renovar estas concesións for-

malizadas e legalizadas na década dos anos oitenta.

“Son traídas que están legalizadas, que cumpren con todos os requisitos legais, análises, rede, tubaxes, cloración correctos, e que regularmente reciben subvencións para levar a cabo o cometido de subministrar auga á veciñanza”, argumentou a deputada nacionalista. Esta negativa a renovar as autorizacións “está a crear malestar e preocupación entre os veciños e veciñas, porque se lles quere ilegalizar un servizo comunitario”, critica

Prado, quen reclamou da Xunta “un rápida intervención” ante esta situación.

O Bloque traslada esta cuestión ao Parlamento, tal e como se comprometeu tras reunións previas con representantes dos e das afectadas por este veto da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, incluída unha xuntanza mantida coas comunidades das traídas de augas no Concello de Tomiño, na que tamén participou a portavoz nacional, Ana Pontón, ademais da propia deputada e a rexedora Sandra González.

Novas da Raia

Redacción

Recepción de infantís e xuvenís do Club de Mar de Bueu



O salón de plenos do Concello de Bueu acolleu este martes a recepción oficial que o goberno local quixo organizar para o Club do Mar de Bueu, concretamente aos infantís e xuvenís, aos que quixo dar os parabéns pola súa extraordinaria temporada de bateis e trainerías 2017. Así o salientou o concelleiro de deportes na súa intervención, na que aproveitou a ocasión para lembrar os grandes logros deste club. "Sodes un orgullo para nós, pois Bueu reflíctese en vós", declarou o edil destacando o enorme traballo feito dende a directiva.

Así mesmo, o alcalde non desaproveitou a ocasión para lembrar os seus comezos como remeiro, sobre o que salientou que "empecei a medrar na vida facendo o mesmo ca vós". Félix Juncal,

falou tamén do apego que sente a cidadanía por este deporte que tan vinculado está co sentir da vila morracense, ao tempo que animou a todos os rapaces a continuar facendo que ano a ano "o futuro do Club estea asegurado", e que sexa recoñecido tanto social como deportivamente.

No acto estiveron ademais as concelleiras do goberno Silvia Carballo e Ana Isabel Otero, e o edil Martín Villanueva.

Por outra banda, hai que salientar que o Club do Mar de Bueu organiza entre o 1 de xullo e o 31 de agosto as Escolas de Verán dirixidas a rapaces e rapazas nad@s antes do 2008. As actividades terán lugar todos os luns, mércores e venres de 11 a 13 horas. Para máis información, pódese chamar ao 696 444 912.

O Concello compra unha finca do Bispado en Goián para crear un parque que una o auditorio co centro da vila

O Concello de Tomiño vén de adquirir ao Bispado de Tui-Vigo, unha parte da finca da antiga Reitoral, que permitirá facer realidade unha vella aspiración do goberno local.

Trátase dunha carballeira duns 7.000 (sete mil) metros cadrados, situada entre a actual Escola de Música e a igrexa parroquial. Logo dun tempo de negociación, acadouse un acordo por importe de 50.000 euros, xa incluídos nos orzamentos deste ano.

A división da actual carballeira fíxose tendo en conta a orografía do terreo, deixando unha parte para a Reitoral. Para o acondicionamento e peche da futura zona verde destinaranse 200.000 euros procedentes do Plan Concellos da Deputación.

O acondicionamento da carballeira coma gran parque no centro urbano de Goián, é

unha das actuacións previstas na "Modificación Nº 8 do PXOM relativa á configuración de espazos públicos e usos no núcleo urbano de Goián".

A obra permitirá a comunicación peonil entre a zona dos equipamentos (auditorio, escola de música, pavillón de deportes e Campo de Fútbol O Regatiño) e o centro do pobo. Ademais, o futuro parque servirá de zona verde de lecer e descanso para a veciñanza, especialmente, para os usuarios da Escola de Música, que o terían xusto ao lado do edificio onde se imparten as clases.

A alcaldesa de Tomiño, Sandra González, manifestou a súa satisfacción polo acordo acadado co Bispado, e agradeceu a vontade deste e do párroco de Goián, para contribuír a que este espazo verde tan céntrico, poida ser disfrutado por todos os veciños e veciñas.



Asesoramento psicolóxico en Arbo

O concello de Arbo acaba de adxudicar o contrata de servizos para o asesoramento psicolóxico individual e familiar para os/as usuarios/as que soliciten ditos servizos dende os servizos sociais básicos do Concello de Arbo

Dada a necesidade da Área de Servizos Sociais do Concello de Arbo e para completar o citados servizos e que teñen como destinatarios aos habitantes do Municipaioo de Arbo, e dado o excesivo volumen de traballo deste departamento e dado a necesidade e a demanda de aumentos de horas de sesión tal como se informa de Servizos Sociais, e necesario a contratación de servizos para o asesoramento psicolóxico individual se familiar para os/as usuarios/as que soliciten ditos servizos dende os servizos sociais básicos do Concello de Arbo

Festas de San Benito no Porriño

As Festas de San Benito, que se desenrolarán o vindeiro domingo, día 9 de xullo, luns, día 10 e martes, día 11, abranguen un completo programas de actuacións musicais e actos relixiosos, todo programado pola Comisión de Festas de San Benito, coa colaboración do Concello do Porriño.

O domingo, día 9, ás 8 da tarde, está previsto o Concerto folk das Asociación Cultural San Xurxo de Mosende; ás 9 e media chegará a primeira das distintas verbenas previstas, neste caso a cargo da Orquestra Salazar.

O luns, día 10, ás 8 da tarde, Concerto folk da Asociación Cultural Os Zoqueiros, do Porriño, ás 9, Concerto de Argonat Band e ás 11 da noite, Ver-

bena coa Orquestra Saudade.

O martes, 11, empezará ás 10 e media da mañá co Pasarrúas da Banda Popular de Tui; seguirá ás 12 coa misa solemne na Igrexa de Santa María, co Coro Orfeón Porriñés, dirixido por Antonio Paz.

De seguido, Procesión ata a Capela de San Benito, co acompañamento da Banda Popular de Tui; posteriormente, será a poxa das uvas do santo e as ofrendas diante da capela.



Ás 8 da tarde, Concerto da Banda Popular de Tui; ás 9 e media, Verbena coa Orquestra Quien lo diría, e pechará as festas co Concerto de Best Boy.

A Guarda decora o verán

A campaña “Decora o teu Verán”, promovida pola Concellería de Cultura e na cal participan seis asociacións da vila guardesa, pretende unha vez mais decorar prazas ou lugares significativos da nosa vila para fomentar o traballo en equipo, visualizar as asociacións e pór en valor o noso patrimonio.

Nesta ocasión as rúas guarde-

sas lucen con motivos castrexos, xa que se quixo buscar unha vinculación coa II Festa Castrexa e co Centenario do MASAT.

Nesta ocasión as zonas decoradas foron a Torre de Fenosa que está na entrada a Guarda a cargo de Xamaraina, os “bloques” da Praia do Carreiro pintados pola Sociedade Atlética do Trega, a Praza do Reló decorada por Vento Ma-

reiro, a Praza da Cabina por San Xerome, a Alameda da Guarda por Fibromiño e o Centro Cultural a cargo de O Percamino.

Ademais desta iniciativa, salientamos tamén a decoración por parte do comercio local das nosas rúas, acompañando a esta II Festa Castrexa organizada polas Comunidades de Montes da Guarda, Camposancos e Salcidos.



Decoración realizada pola Sociedade Atlética Trega

MASTER
CADENA

MASTER LA GUARDIA
986 611 973

C/. Manuel Álvarez, 20
A GUARDA

www.mastercadena.es
laguardia@mastergalicia.com



Decoración realizada por O Percamino



Decoración realizada por Fibromiño



inmobiliaria

laguardia

San Roque nº 18 - A Guarda
www.riveirasa.com 986 611 452



Promocion
S. Miguel
EN O ROSAL
Promocion
Couselo



En baño

laguardia
& moreira

www.laguardia-moreira.com www.multimat.es -902 18 20 00- atcliente@laguardia-moreira.com
La Coruña - Vigo - Villagarcia - La Guardia - Multimat Ourense - Multimat Narón

Novas da Raia

Redacción

A Festa da Lagosta celébrase de modo ininterrompido dende o ano 1991 e dende o ano 2000 incluíu tamén unha mostra da gastronomía local con novos mariscos e moluscos polo que pasou a denominarse Festa da Lagosta e da Cociña Mariñeira da Guarda.

O arranque da festa tivo lugar a noite do venres co nomeamento por parte do alcalde da vila, Antonio Lomba, dos seus pregoeiros: o actor vigués Bruxo Queiman e a cantante e actriz tomiñesa Andrea Pousa. O pregón estivo marcado por un conxunto de sons e letras evocadoras das lendas, a historia e as características propias da Guarda. Así, mentres Queiman emocionaba ó público cun sentido reclamo ó mar da Guarda e a súa tradición castrexa, Pousa acompañou coa interpretación de cancións tradicionais (Camariñas e Romeiro ó lonxe) e outras adaptadas ó discurso, como temas dos coñecidos filmes Braveheart e Gladiator.

A celebración dedicada ó crustáceo mariño rei na Guarda viviu o sábado día 1 o seu día grande, con preto de 5.000 comensais que puideron degustar até 24 pratos elaborados con produtos do noso mar. Os establecementos hosteleiros colaboradores (restaurantes Casa Olga, O Cangrexal e Xeito) serviron 200 kilos de lan-

Milleiros de comensais gozaron da XXVII Festa da Langosta



gosta, 300 racións de pulpo e 150 kilos de percebes.

A enorme carpa preparada pola organización, de 1.000 metros cadrados con mesas e cadeiras para os comensais, quedou pequena nos momentos de maior afluencia. Os prezos variados das racións animaron aos visitantes, con opcións para todos os petos, posto que se podía gozar dos 4 euros por unha vieira ou 6 euros polo prato de fideos con ameixas,

ata os 40 euros da lagosta completa. Os asistentes tamén puideron degustar percebes (10 euros), nécoras (4,5), polbo (12), ensaladilla de lagosta (15), navallas (8), chocos (9), lagostinos (8), gambas (8) ou empanadas variadas.

Tiveron moita demanda, tamén, pratos como a paella, con preto de 140 racións servidas até o sábado; as tapas de mexillóns, das que se serviron 120 racións,

e as croquetas de langosta, con algo máis de 150 racións servidas. A estes datos cabe engadir ó éxito das empanadas elaboradas con produtos do mar, das que se serviron máis de 300 racións, e os 15 kilos de pementos de padrón que saíron das cociñas dos establecementos da festa.

Tanto a Pastelería Montserrat como a Adegas Gran Novas, que se estrean este ano como establecementos participantes, aseguran

estar “moi satisfeitos” co éxito da celebración, que xa no seu primeiro día superou as súas expectativas de venta. Entre os produtos de confitería máis demandados atópase a tradicional rosca de xema, ademais da tarta de Santa Trega, un postre de frutos secos con lámina de milfolas especialmente elaborado para esta festa. A Adegas do Rosal, pola súa parte, esgotou xa durante o sábado as cantidades de viño coas que contaba para afrontar os tres días de festa, tendo que recurrir as adegas para reponer o produto.

A vixésimo sétima edición da Festa da Langosta chegou o seu fin trala tamén exitosa xornada de gastronomía, música e animación infantil do domingo, coa noite de fado de María do Ceo, que ofreceu un concerto na carpa da esplanada do Porto.

A gastronomía guardesa goza de recoñecida fama grazas á extraordinaria calidade dos seus produtos e, en especial, da lagosta; unha especie migratoria que vive nos fondos rochosos da costa Atlántica. No século XIX foron construídas na Guarda varias cetáreas ás que só se podía acceder con marea baixa co fin de conservar crustáceos vivos, sobre todo lagostas, lumbriganes, bois de mar, nécoras, centolas e ata camaróns.

Casa do Outeiro
restaurante - tappería

Teléfono 986 611 500
Estrada do Castro, 75 - 36789 A GUARDA (Pontevedra)
www.casadoouteiro.es

El Pescador
CAFE-BAR

T. 986 61 32 49 / 670 69 14 03
Concepción Areal, 23 - 36780 A Guarda

Xeito
RESTAURANTE • MARISQUERÍA

ESPECIALIDADES
Pescados y mariscos de la ría
Bogavante con arroz
Entrecot de buey
Cordero o Xeito
Caldeirada de pescados
Postres caseros

Rúa Fernández Albor, 19 (al final del puerto)
Telf. 986 610 474 - Móvil: 659 984 234
36780 A GUARDA (Pontevedra)
SERVICIO DE TAXI: 679 413 661

Hotel El-MAR

Vicente Sobrino, 12
36780 LA GUARDIA (Pontevedra)
Teléfono 986 61 30 00*
Fax 986 61 11 56
elmarhotel@elmarhotel.com
www.elmarhotel.com

Todas las habitaciones con:

- Baño
- Calefacción central
- Aire acondicionado en Cafetería y Zonas comunes
- Teléfono automático
- Agua caliente central
- Wi-fi
- Hilo musical y TV

Marouco de Palla
Tapería • Terraza • Bar

PLAYA DE FEDORENTO 628 23 66 87

Area Grande
restaurante • tappería • cafetería

Praia Area Grande, s/n - 36780 A Guarda (Pontevedra)
986 61 30 91

Novas da Raia

Redacción

Máis de 70 persoas rematan a XXII Travesía a nado no Porto de A Guarda

A vixésimo segunda edición da Travesía a nado no Porto de A Guarda, celebrada o 1 de xullo, arrancou con 115 persoas inscritas para os dous percorridos da proba, de entre os que finalmente 77 conseguiron rematar o traxecto polo interior do porto guardés. O alcalde

do Concello de A Guardia, Antonio Lomba, deu a orde de saída da proba, que se dividiu en dúas categorías. A primeira delas, con 400 metros de percorrido, deu oportunidade de participación as nenas e nenos de até 12 anos. Dos seis participantes que conseguiron rematar, a gañadora foi Sara

Tajes Lede, de 9 anos e membro do Clube de Natación Galáctico. Pouco despois, alcanzaba a meta o seu compañeiro de equipo, Nicolás Vázquez Fernández, de 11 anos; e nun terceiro lugar, Naiara Eijo Gil, do Clube de Natación de Redondela.

O segundo percorrido contou con participantes masculinos e femininos de entre 12 e 68 anos, cun traxecto de 1.600 metros polo interior do porto guardés. O primeiro posto nesta categoría foi para Martín Carrera Costas, de 20 anos e membro do Clube de Natación de Ponteareas. Rifándolle a victoria en todo momento, o seu compañeiro Francisco Cobelo Represas, de 21 anos, que acadou o segundo posto. A poucos metros deles chegaba Laura Rodríguez



Entrega de premios aos gañadores absolutos Martín Carrera e Laura R. Novoa, ambos do club Natación Ponteareas.

Novoa, de 17 anos e tamén membro do clube ponteareano, que conseguiu o terceiro posto do podio, realizando o percorrido en pouco máis de 19 minutos.

A entrega de premios tivo lugar na carpa instalada na explanada do Porto con motivo da celebración da XXVII Festa da Langosta e da Cociña Mariñeira. Ademais do recoñecemento ós gañadores absolutos nas categorías feminina e masculina, o alcalde

guardés e a concelleira de Turismo, Montserrat Magallanes, agasallaron cunha medalla ós tres competidos e competidoras máis rápidos por rangos de idade. Por outra parte, e como recoñecemento de excepción, o rexedor e a concelleira quixeron premiar ó esforzo de participantes como Andrés Jesús Rodríguez (68 anos), o nadador máis veterano; e Alberto Pérez Paz que, ós seus 8 anos, foi o participante máis mozo.



 **José Manuel Rodríguez Casal**
NOTARIO

C/ Concepción Arenal 75 2ºG | 36780 A GUARDA
Telf. 986 611 005 | Fax 986 611 123
e-mail: rodriguezcasal@notariado.org

Restaurante - Marisquería

CASA VALLADEIRO

...En A Guarda

Rúa do Porto 7
36780 A Guarda
Pontevedra
Tel. 986 61 04 68

Bar - Restaurante

O'COUTO

COMIDAS CASEIRAS
ESPECIALIDADE EN EMPANADAS
COMIDAS POR ENCARGO
SERVICIO DE ULTRAMARINOS

T. 986 62 72 36
Ctra. de Camposancos, 110 - 36788 CAMPOSANCOS

Tapería

El Paseo

VARIEDAD DE TAPAS
COMIDAS PARA LLEVAR

Rúa do Porto, 32
T. 986 61 11 08
36780 A GUARDA
PONTEVEDRA

O Cangrexal

TAPERÍA - RESTAURANTE

el gusto por la mejor... cocina tapas y tertulias
...al lado del mar

Tel.: 986 611 107 • Rúa do Porto, 1-D
36780 - A GUARDA (Pontevedra)

COCINA TRADICIONAL

RESTAURANTE

ESPECIALIDADES

- MARISCOS
- ARROCES
- RODABALLO CON ERIZOS
- MARISCADAS
- LANGOSTA DE LA GUARDIA
- POSTRES CASEROS

Rúa do Porto, 59
tlf: 986 610 473
A Guarda (PO)
www.restaurantetrasmallo.es

TRASMALLO

MARISQUERÍA

55 anos ao servizo dos clientes

CASA CHUPA OVOS

Pulpo a la gallega
Estofado de Marisco
Revueltos especiales

RESTAURANTE - TAPERIA

986 61 10 15 - A GUARDA

Restaurante

Riveirina

VIVEROS PROPIOS DE MARISCO

AVENIDA DEL PUERTO, 28
TLFS. 986 61 03 56 | 986 61 01 35
LA GUARDIA
PONTEVEDRA

"Castelao non era separatista" dixo Carlos Mella na Delegación da Xunta en Madrid/Casa de Galicia

O economista, escritor, político e presidente da Fundación Castelao falou da "existencia e presenza política" do emblemático intelectual máis universal

“Castelao non é separatista; para él o separatismo é unha idea anacrónica e non pode ser o ideal de ningún galego”, dixo o presidente da Fundación Castelao, Carlos Mella no relatorio "Castelao: existencia e presenza política", que pronunciou na Delegación da Xunta en Madrid/Casa de Galicia. E engadiu que “Castelao recoñece que Galicia é unha nación con tódolos dereitos, pero que está disposta a renunciar deses dereitos, en xusta correspondencia dos dereitos dos outros, para construír unha España forte”.

Na tribuna estiveron o delegado da Xunta en Madrid e director da Casa de Galicia José Ramón Ónega; o avogado, expresidente do Consello de Contas de Galicia, e patrono de la Fundación Castelao, Xesús Palmou e máis o conferenciante, Carlos Mella.

Para Ónega, “Castelao ensinounos o que era a emigración e o exilio. Esa Galicia desterrada e profunda, doente e sentimental”. Citando a Castelao sinalou que “o verdadeiro heroísmo consiste en converter os soños en realidades e as ideas en feitos”. Tamén expuxo una breve reseña

sobre Mella. Carlos Mella (A Estrada, 1930), é economista, escritor e político: é Doutor en Dereito pola Universidade Complutense de Madrid e Diplomado en Economía Financeira pola Sorbona. Foi Director Xeral de Política Financeira no Goberno Central, profesor de Economía Política na Complutense de Madrid, Vicepresidente da Xunta de Galicia, conselleiro de Economía e Facenda e deputado no Parlamento Galego en de los legislaturas. Foi tamén presidente da Asociación de Escritores en Lengua Galega durante catro anos.

Mella empezou a súa disertación lendo o documento editado polo Goberno cando morreu Castelao en Bós Aires, no que o chamaba separatista, e contiñas as indicacións precisas de cómo había que tratar a noticia nos medios de comunicación (páxinas interiores, fotos pequenas e sin mencionar algúns libros e debuxos...). “Castelao deixou todo o seu pensamento escrito polo que non hai ningunha dúbida, así que está claro que non era separatista como se di no documento. En relación a palabra nación, como é polisémica, pode ter moitas lecturas”. “Castelao ó se convertiren en dirixente em-



Na mesa, o conferenciante Carlos Mella, o delegado da Xunta en Madrid e director da Casa, José Ramón Ónega e o avogado e expresidente do Consello de Contas Xesús Palmou.

blemático do galeguismo, mesmo do nacionalismo galego foi reclamado por tódalas tendencias do abano político e, non poucas veces, o seu pensamento veuse deturpado. Por elo é necesario facer un mínimo resumo da cosmovisión de Castelao para comprender mellor a súa teima por facer presente politicamente a existencia real de Galicia”.

Mella explicou que “Castelao mirou a Galicia e non lle gustou o que viu. Onde outros miraban prados verdescentes, paisaxes engaioladores, solpores tinguidos de rubios e amarelos e demáis poéticas belezas, el mirou un país asoballado, pero non se deitou na queixa fácil senon que

se puxo a tarefa de remediar os atrancos loitando coas armas democráticas da palabra, a escrita e o debuxo”.

O relator sinalou que Castelao “se preguntaba por qué un país de tan acusada personalidade e de identidade ben definida non foi quén a converter a súa existencia en presenza política. E dicir, analiza teimudamente a discordancia entre o que é Galicia e o que pesa no concerto político”.

“Canto máis o leo máis me gusta”, dixo. “Que Galicia existe xeográfica e socialmente e un feito evidente. Que Galicia exista politicamente e cuestión merecente dunha cer reflexión.

A existencia real está garantida polo pobo, pero a presenza política realízase a traveso dos deus representantes e estes non cumpriron. Por iso Castelao pide un estado federal que permitiría que a presenza política de Galicia fose moito máis efectiva.

“Os partidos nacionalistas non foron quén de ilusionar ós galegos, non conseguiron consolidarse como movemento de masas. En realidade e para desgracia de Galicia, a historia do nacionalismo pareceuse moito a historia dun fracaso.

Trala exposición abriuse un animado coloquio onde os asistentes poideron preguntar todas as dúbidas.

100 CAMISETAS PERSONALIZADAS 299€

15 CAMISETAS PERSONALIZADAS 99€

Camisetas y Gorras

Orixe

PUBLICIDADE COMUNICACIÓN

personalizadas desde una unidad

200 GORRAS PERSONALIZADAS 225€

100 GORRAS PERSONALIZADAS 160€

Tlf. 988 60 70 75

C/Francisco de Moure 20, Ourense

orixepublicidade@gmail.com - www.orixepublicidade.es

precios no incluyen el I.V.A.